

# cerna

revista galega de ecoloxía e medio ambiente



Primavera 2009 • Número 58 • 3 €

Propostas á Xunta • Informe Auken • Carlos Taibo • Bicicletas  
Agroecoloxía en Quilmas • Burros contra lobos • Fogares Verdes



**CRÓNICA:**

**O incerto futuro de Ence en Galiza**



# Miro esta provincia e vexo futuro



Mirar A Coruña é ver unha provincia medrar. Unha provincia que mira ao futuro con investimentos para o desenvolvemento, que aposta polo crecemento sostible e a conservación do medio ambiente. Que traballa cada día para garantir a igualdade de oportunidades fomentando a cultura, a educación, o turismo e a conservación do patrimonio. Un valor de hoxe para facer fronte aos retos de mañá. **Mirar a provincia da Coruña é ver futuro.**



**DEPUTACIÓN  
DA CORUÑA**



<b>ACTUALIDADE</b>	<b>4</b>
<b>RECURSOS</b>	<b>11</b>
<b>ECOLOXISMO</b>	
<b>PROPOSTAS DE ADEGA   AO NOVO GOBERNO</b>	<b>12</b>
Fins Eirexas	
<b>ENTREVISTA A ADELA FIGUEROA</b>	<b>13</b>
<b>URBANISMO</b>	
<b>O INFORME AUKEN</b>	<b>14</b>
<b>ENTREVISTA</b>	
<b>CARLOS TAIBO</b>	<b>17</b>
Por Belén Rodríguez	
<b>TRANSPORTES</b>	
<b>PRÉSTAMO MUNICIPAL DE BICICLETAS</b>	<b>21</b>
Reportaxe por Belén Rodríguez	
<b>CRÓNICA</b>	
<b>O INCERTO FUTURO DE ENCE EN GALIZA</b>	<b>25</b>
Por Belén Rodríguez e Fins Eirexas	
<b>AGROECOLOXÍA</b>	
<b>A VOLTA DOS NORMANDOS A QUILMAS</b>	<b>30</b>
Lucía Ferreira e Xosé Manuel Casais	
<b>BIODIVERSIDADE</b>	
<b>OS BURROS COMO   MÉTODO DE PREVENCIÓN</b>	<b>32</b>
Reportaxe por Belén Rodríguez	
<b>ECOLOXÍA NO COTIÁN</b>	
<b>BIODIVERSIDADE II</b>	<b>36</b>
Ramsés Pérez	
<b>FLORA E FAUNA DE GALIZA</b>	
X. Salvadores, M <sup>a</sup> Xosé Castro, Gema Pérez	<b>38</b>
<b>PROTECCIÓN ANIMAL</b>	
<b>ENTREVISTA A XOSÉ LUIS RIVEIRO</b>	<b>41</b>
Por Isabel kerdudo	
<b>HOMENAXE</b>	
<b>CHE, UN HISTÓRICO DE ADEGA</b>	<b>42</b>
Adela Figueroa	

## UN NOVO PASO ATRÁS

Ábrese unha nova etapa governamental na que o Medio Ambiente deixa de ser unha materia visíbel e destacada no Executivo galego. Perde a súa categoría xurídica como Consellaría, -nin tan sequera opta a unha Dirección Xeral-, e por riba, divídese e mestúrase no mesmo Departamento con materias coas que ten unha relación historicamente incompatíbel, como Infraestruturas ou Urbanismo. A posición dos colectivos ecoloxistas fronte a este cambio estrutural da Xunta é unánime: É un paso atrás para o ambiente galego e para as incipientes políticas de sostibilidade.

Neste novo contexto, Cerna inclúe neste número algunhas das propostas de Adegas para o goberno actual. A protección do litoral e a limitación da desmesura urbanística seguen a ser as grandes materias pendentes para o goberno, pero non só para o galego, senón tamén para o conxunto do Estado español, como pon de manifesto o Informe Aukén. Outra conta pendente é o futuro da factoría de Ence e o seu posíbel "traslado" da ría de Pontevedra, cuestión ligada ao modelo forestal e sobre a que se reflexiona nestas páxinas.

Xa en relación con outro tema de actualidade, a crise, Carlos Taibo é o protagonista da sección "Entrevista" deste número. Este activista do movemento antiglobalización amosa a súa visión reflexiva sobre a actual crise planetaria, nomeadamente ambiental, e aposta polo cambio radical do sistema imperante.

Doutra banda, experiencias agroecolóxicas e de respecto pola biodiversidade como a da Cooperativa Rainha Lupa (Quilmas) ou a da Casa Grande de Xanceda (Mesía) devolven o optimismo aos defensores do ambiente e da natureza. Unha reportaxe sobre os servizos de préstamo de bicicleta nas cidades galegas, a sección de flora e fauna e os artigos de Educación ambiental e Ecoloxía no cotiá completan este Cerna.

### EDUCACIÓN AMBIENTAL FOGARES VERDES

**34**

Ramsés Pérez, M<sup>a</sup> Xosé Castro e Isabel Fernández



Cun pequeno esforzo e sen afectar ao noso benestar e calidade de vida pódense reducir os gastos do fogar e contribuír á conservación dos recursos naturais.

**cerna**

Tel. e Fax: 981 570 099  
Travesa de Basquiños, n.º 9 baixo  
15704 Santiago de Compostela  
Correo electrónico: cerna@adega.info  
Web: www.adega.info

#### COMITÉ DE REDACCIÓN:

Belén Rodríguez, Xesús Pereiras, Ramsés Pérez, Pepe Salvadores,  
Alberte Sánchez e Manuel Soto.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Primavera - 2009

Nos artigos asinados, respéitase a normativa lingüística do texto orixinal. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, esceptuando as fotografías, para as que sería necesario contar co permiso dos autores. CERNA editase en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuír á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

**DIRECCIÓN**  
Manuel Soto  
**REDACCIÓN**  
Belén Rodríguez

**DESEÑO E MAQUETACIÓN**  
Alberte SR  
**FOTOGRAFÍA DA CAPA**  
Ramsés Pérez  
**FOTOGRAFÍA**  
Alberte Sánchez - Ramsés Pérez

**ADMINISTRACIÓN**  
Silvia Amor  
**IMPRESIÓN**  
Grafinova, S.A.  
D.L.: C-913/1986 ISSN: 1136-2677

## VISTO BO AO PLANO SECTORIAL HIDROELÉCTRICO

Belén Rodríguez



En termos xerais, Adegas valora moi positivamente o proxecto do Plano Sectorial Hidroeléctrico de Galiza, que exclúe calquera novo aproveitamento hidroeléctrico dos ríos galegos pertencentes á bacía Galiza-Costa, é dicir, de competencia autonómica. Este planeamento, aínda pendente de aprobación, viría a consolidar así a moratoria de novas concesións impulsada polo bipartito, a reivindicar os fundamentos da Iniciativa Lexislativa Popular en

Defensa dos Ríos, aprobada en 2005 polo Parlamento galego, e a cumprir coas esixencias dos ecoloxistas con respecto á opción "cero" (non máis minicentrales). Alén disto, o novo Plano Hidroeléctrico obriga a que os aproveitamentos xa existentes cumpran cos requirimentos da Directiva Marco da Auga, podendo considerarse nalgúns casos o derrube de minicentrales. Adegas reclama ao novo goberno a aprobación sen modificacións deste Plano Sectorial.

## NOVO INIMIGO DE IBERDROLA

Iberdrola comeza as obras de ampliación da central hidroeléctrica Santo Estevo II, nos Canóns do Sil, sen permiso do Ministerio de Medio Ambiente, nun espazo de Rede Natura e facendo uso de maquinaria pesada e voaduras. Adegas xa presentou a súa denuncia diante da Axencia Galega de Protección da Legalidade Urbanística e da Dirección Xeral de Conservación da Natureza para pedir a paralización das obras e a interposición de sancións. Así mesmo, pasou a formar parte da Plataforma en Defensa da Ribeira Sacra, constituída recentemente por varios colectivos sociais, turísticos, ambientais da zona, ademais dos concellos de Chantada, Monforte e Pobra de Brollón, co obxectivo de protexer a comarca de proxectos devastadores do territorio como os novos proxectos hidroeléctricos previstos para os ríos

Miño e Sil. Ao seren de competencia estatal, a Plataforma xa interpuxo un recurso de alzada ante o Ministerio de Industria para paralizar o proxecto de Santo Estevo II, denunciou o depósito dos entullos das obras nunha zona protexida (LIC Canóns do Sil) e realizou un acto de protesta na Ponte da Barca, entre Pantón e Nogueira de Ramuín.

Martíño Fiz



## MÁIS PLATAFORMAS CONTRA AS MINICENTRAIS


Na provincia de Lugo, no concello de Mondoñedo, constitúese a Plataforma Furapresas. Está formada por diversas asociacións, entre elas Adegas, cidadáns e o Concello de Mondoñedo coa intención de impedir a construción de dúas novas minicentrales en pleno LIC da Serra do Xistral, nos ríos Tronceda e Figueiras. O Salto de Cabana, no Tronceda, está previsto nas inmediacións da Área Recreativa da Ferverza, lugar de importante atractivo turístico e de esparcemento do municipio, e limitaría o caudal actual do río nun 90%. O segundo proxecto, no río Figueiras, afectaría a dous quilómetros do curso fluvial. Ambas minicentrales están promovidas por particulares.

## O "TALANTE" DE RAMÓN ÁLVAREZ-CASCOS

Adegas denuncia por presuntas ameazas e coaccións a Ramón Álvarez-Cascos, representante legal de ACUINOR. O denunciado enviou a mensaxe "Se os acabou el chollo" desde o seu teléfono móbil á Presidenta de Adegas-Lugo, Montserrat Lombardía, na tarde electoral do 1 de marzo, cando xa se coñecía o triunfo con maioría absoluta do Partido Popular. A persoa receptora deste SMS foi unha das activistas de ADEGA denunciadas por ACUINOR por terlle parado en

2005 as obras dunha piscifactoría en Rinlo (Ribadeo) que a empresa estaba a construír dentro da Rede Natura 2000. A partires dese momento xurdiron varias dilixencias xudiciais entre ambas partes, polo de agora favorábeis a Adegas, que aínda hoxe están abertas. Por tal motivo, Adegas contempla a intención intimidatoria da mensaxe e o suposto anuncio do comezo dunha "nova era" co PP na que Álvarez-Cascos podería actuar "ás súas anchas".

Belén Rodríguez





## FLEXIBILIZANDO A PROTECCIÓN LITORAL

A modificación da Lei de Costas polo Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño, permite vender ou mercar as vivendas construídas en dominio público antes da entrada en vigor da nova legislación de Costas. Ata o momento, non podían ser obxecto de mercado, pero beneficiábanse dunha concesión de 30 anos, ampliábel a 60. Coa expiración da concesión e coa modificación de lei, o Ministerio, segundo os grupos ecoloxistas, revaloriza esas edificacións e dificulta a recuperación do dominio público.

En Galiza, coa mudanza de goberno, retornan á mente do Executivo galego vellos proxectos rexeitados no litoral galego pola súa insostibilidade e agresión ambiental, como a piscifactoría no Cabo Touriñán ou o viaduto de Noia. Adegala lamenta que membros do PP fagan tales anuncios porque, de conquerirse, ambos dous proxectos irían en contra da normativa que ampara a Rede Natura 2000, segundo Adegala.



Ramsés Pérez

## CULTIVOS TRANSXÉNICOS OCULTOS

Tras o resultado frustrado da declaración de Galiza como "zona libre de transxénicos" polo Parlamento Galego, a Plataforma Galega Anti-transxénicos presentou alegacións ante o Ministerio de Medio Ambiente para evitar a autorizacións de ensaios de cultivo de organismos modificados xeneticamente (OMX) en 5 concellos galegos. Porén, o Ministerio segue a ocultar a información sobre a localización exacta das parcelas

utilizadas para tal fin en Arzúa, Santa Uxía de Ribeira, Mesía, Vilalba e Chantada (este último declarado polo concello "libre" de transxénicos). Isto sucede a pesar de que unha recente sentenza do Tribunal Europeo de Xustiza obriga aos Estados membros a ter informados aos seus cidadáns das ubicacións dos cultivos de OMX, apoiándose no Dereito á Información e no Principio de Precaución.

## PROXECTO RÍOS

Campañas de inspección, cursos de formación, encontros de voluntariado, ou saídas formativas son algunhas das actividades que se poden atopar no programa de actividades 2009 do Proxecto Ríos. Este ano realizaranse por segunda vez a limpeza simultánea dos ríos galegos e a execución dun calendario fenolóxico, que ten como obxectivo coñecer o estado e o tempo de floración de determinadas especies de árbores e plantas vinculadas aos cursos fluviais.

Por outra banda, no marco do Proxecto Ríos, Adegala lanza por primeira vez o seu programa "Ríos de Lingua e Cultura", en colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística, para fomentar o emprego da lingua galega mediante a recollida e divulgación dos nomes asociados aos ríos.

Para máis información:  
[www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org)

## EN BREVE

**NORFOR, sen certificado.** O FSC- Forest Stewardship Council retira definitivamente o certificado de xestión forestal sustentábel a Norfor e a Silvasur, filiais forestais do grupo ENCE, tras sendas denuncias presentadas ao longo de dous anos e medio por ADEGA, ADENA, APDR, Greenpeace e Verdegaiá, entre outros colectivos ecoloxistas.

**Radio Cerna nas cidades galegas.** O programa radiofónico promovido por ADEGA nas emisoras locais e municipais do país amplía a súa cobertura de emisión grazas á colaboración de Locafm e Onda Local, con frecuencias na meirande parte das cidades galegas. Máis información en [www.adega.info](http://www.adega.info)

**Caza do Raposo ante a Fiscalía.** A Fiscalía arquivou a denuncia presentada por ADEGA e "Matar por Matar, NON" polo suposto incumprimento da normativa vixente na VI Copa de España da Caza do Raposo. Determinou a ausencia de delito penal e instou aos denunciante a recorrer aos tribunais do contencioso-administrativo, nos que a resolución pode demorarse varios anos.

**Curso sobre tóxicos.** Adegala organiza un curso de formación sobre produtos tóxicos que contaminan o solo, a auga e a nosa saúde no local social da Asociación en Compostela, co gallo de buscar alternativas máis ecolóxicas.



Ramsés Pérez



## ALÁ, POR ONDE O TAMBRE PASA

O concello de Santiago pretende derrubar a estación de tren para a construción dun macrocomplexo que integrará solo de uso residencial e comercial e un aparcadoiro para 1.800 vehículos. Adegas xa se manifestaron en contra deste proxecto debido a que responde, non á demanda social, senón a intereses financeiros e especulativos. Adegas críticas a creación de centros comerciais, en detrimento do pequeno comercio; aparcadoiros privados, en vez da potenciación do transporte público e eficiente; e

a ampliación do solo residencial, fronte a políticas de recuperación e rehabilitación das vivendas baleiras. Participan das mesmas protestas a Asociación Compostelá de Amigos do Ferrocarril e o Colexio de Arquitectos de Galicia. Así, avogan por manter as infraestruturas xa existentes, adaptándoas ás novas necesidades do transporte.

No municipio próximo a Compostela, en Negreira, Adegas fixose eco das denuncias veciñais de Ponte Maceira

sobre os vertidos de lamas de depuradora en cru depositados en terreos de Pazo de Baladrón, ao carón do río Tambre, que poderían contaminar ao efluente por nitratos e metais pesados, de non estar correctamente xestionados. Os veciños queixáanse dos malos cheiros e da proliferación de insectos na zona. Adegas lembra que este tipo de problemas solucionaríanse coa creación de plantas de compostaxe adecuadas para tratar este tipo de residuos e convertelos en compost.

## LUGO, A POLO TREN!

Montse Lombardía



Adegas e o Colexio de Arquitectos de Galiza organizaron en xaneiro o Foro aberto sobre o Ferrocarril en Lugo co gallo de impulsar o debate social e político arredor das demandas e necesida-

des da provincia con respecto ao tren como medio de transporte máis seguro, eficiente, barato e respetuoso co ambiente. Ao evento asistiron representantes de varias entidades privadas, públicas e sociais de Lugo que concordaron na urxencia de medidas e accións que consigan superar o abandono en materia de ferrocarril ao que está abocada a provincia. Entre outras, destacaron a necesidade da rehabilitación da liña Lugo-Monforte, a mellora de servizos da liña Lugo-A Coruña, a creación das conexións Lugo-Santiago e Lugo-A

Mariña, a electrificación e desdobraemento total das liñas, e unha maior atención ao transporte de mercadorías. O reforzamento e levantamento de novos servizos e infraestruturas, nomeadamente de proximidade, contribuirían, segundo os organizadores, a reducir a contaminación atmosférica, reducir os accidentes de tráfico, abaratar o transporte de mercadorías e pasaxeiros, e darlle pulo económico á provincia no seu conxunto. Alén disto, reclaman a creación dun Ente Galego de Xestión que se dote de fondos propios perante a desaparición das subvencións europeas en 2013. Adegas tamén solicitou ao novo Ministro de Fomento, o lucense Xosé Blanco, que atenda as devanditas reivindicacións.

## A COSTA DA MORTE PIDE XUSTIZA

As institucións xudiciais seguen a considerar as queixas das Plataformas de Afectados polo Plano Acuícola Galego. Desta volta, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza admitiu a trámite o recurso contencioso-administrativo presentado pola Asociación de Veciños "A Pergoliña" de Camelle contra a Consellaría de Pesca. Alí, ao lado da vila, está prevista a instalación dunha macropiscifactoría de 217.000 m<sup>2</sup> para o que será precisa a expropiación dos terreos. Con este, xa son catro contencio-

sos interpostos polas Plataformas de Afectados que se admiten a trámite (tamén os de Laxe Brava, Quilmas e Merexo), ademais da paralización das obras da piscifactoría de Rinlo (Ribadeo) por ditame xudicial.

En Quilmas, a Cooperativa de Agricultura Ecolóxica Rainha Lupa e Adegas convidaron a voluntarios e voluntarias a participar nunha xornada de traballo e convivencia en defensa do aproveitamento sostíbel dos terreos obxecto de expropiación.



Fins Eitrexas



## VITORIA DE ADEGA EN VALDOVIÑO

Tras tres anos e medio de loita ecoloxista, paráizase o proxecto de construción de 69 chalés e un hotel á beira do mar no concello de Valdoviño (Ferrol), promovido por "Contruccion Rías Gallegas". Tal e como ten denunciado Adegga en numerosas ocasións, o proxecto situábase nun espazo de Rede Natura, LIC Costa Ártabra, zona Ramsar e ZEPa, ademais de ir contra das leis urbanísticas e patrimoniais (afectando ao Castro da Frouxeira). Un acordo do concello

de Valdoviño en sesión plenaria extraordinaria, estableceu a suspensión da licenza da urbanización, denominada "A Saíña", e o inicio do proceso de modificación das Normas Subsidiarias do municipio para adaptalas á normativa vixente en materia de protección ambiental, patrimonial, de costas e urbanística. Este acordo adóptase seguindo as instrucións da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, á cal apelou Adegga.

Fins Eirexas



## MASACRE NO CARBALLIÑO

Tras a denuncia do lamentábel estado no que se atopa a canceira municipal do Carballiño, membro de Amigos da Terra, Adegga, e "Matar por Matar NON" atoparon nas inmediacións da instalación unha foxa común cuns 80 cans sacrificados, feito que trasladaron ao SEPRONA (Servizo de Protección da Natureza) e á Consellaría de Medio Ambiente. A extrema gravidade do feito fai que

os ecoloxistas esixan responsabilidades de carácter penal. Pola súa banda, o Seprona constatou a existencia da foxa común e certas irregularidades de xestión, como a inexistencia dun Libro de Rexistro cos datos dos animais, a carencia de servizo veterinario, ou a ausencia do refuxio no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galiza.

Amigos da Terra



## EN BREVE

**Compostaxe na Mariña.** Ribadeo é o primeiro concello da Mariña lucense en adherirse ao programa de compostaxe caseira de Adegga. Nel, instaláronse 20 composteiros e realizáronse charlas de introdución a este xeito sostíbel de xestionar o lixo doméstico, para logo convertelo en abono. Adegga xa leva instalados un total de 1.800 composteiros no conxunto do país.

**EA en Arbo.** Adegga presenta no concello de Arbo, na comarca da Paradanta, un proxecto polo que solicita a cesión do muiño de San Xoán, situado na parroquia co mesmo nome, para a realización de actividades de Educación Ambiental e divulgación relacionadas co medio e a natureza. Son de destacar as iniciativas ofertadas con respecto ao ámbito forestal e de turismo rural, ambos os dous sectores produtivos da comarca.

**Emprego sostíbel no Courel.** Adegga presentou aos veciños e veciñas de Folgoso do Courel o seu estudo sobre alternativas de emprego sostíbeis na zona, apoiado pola Consellaría de Traballo, co obxectivo de recoller a opinión dos interesados. No encontro, que acadou grande participación, apreciouse a vontade de diálogo dos veciños con respecto á protección do espazo e a potenciación de alternativas de traballo máis respectuosas.

**Batida ilegal en Melide.** Adegga denunciou unha batida ilegal de xabaris levada a cabo no mes de xaneiro nunha zona acotada como Refuxio de Fauna polo TECOR de Melide. Estes refuxios serven de lugares aptos para a repoboación da fauna, imprescindíbeis para unha xestión cinexética sustentábel.

**Polígono industrial en Mandiá.** Adegga Trasancos fai alegacións contra o proxecto dun megapolígono industrial en Ferrol, no Val de Mandiá, polos impactos que supón sobre a fauna (especies protexidas), flora, patrimonio arqueolóxico e o sistema fluvial da zona.

**V Copa Galega de Kaiak Extremo.** Organizada pola Plataforma Social pola Defensa do Alto Ulla, celebrouse o pasado mes de marzo nas torrentes de Mácara-Ramil (Agolada), co gallo de potenciar a realización de actividades inocuas cos ríos fronte a proxectos destrutivos con eles, como os aproveitamentos hidroeléctricos.



## "NUNCA MÁIS" RECORRE O AUTO DO PRESTIGE

Despois de seis anos e medio da catástrofe do Prestige, faise público o auto ditaminado pola xuíza de Corcubión que pon fin á fase de instrución do caso. O auto retira provisionalmente a imputación a Xosé Luis López-Sors González, director da Mariña Mercante do Ministerio de Fomento no goberno de Aznar e o único cargo público imputado no caso. A xuíza asegura que, segundo os informes periciais, López-Sors foi prudente e razoábel na súa decisión de ordenar o afastamento do buque mar adentro, unha vez accidentado. A Plataforma Nunca Máis recorreu o auto ante a Audiencia Provincial da Coruña a través da súa Comisión Xurídica, a cal sostén que López-Sors non consultou a expertos nin recavou a información precisa sobre o estado do barco antes de dar a orde de alonxamento, agravando aínda máis a situación. Nunca Máis cre que hai probas suficientes, extraídas das declaracións dos peritos, que xustifi-

can a imputación do ex cargo público. A Fiscalía, nembargante, apoia o auto da xuíza de Corcubión.

Á espera da resolución da Audiencia Provincial, está previsto que vaian como imputados ao xuízo do caso Prestige o capitán do barco, o xefe de máquinas e o primeiro oficial (estes dous últimos, desaparecidos).

Coincidindo con estas datas, a Revista Xurídica Galega publicou o "Estudo crítico sobre o sistema de responsabilidade civil por danos causados por hidrocarburos. Ensinanzas do Prestige", realizado por Luis Villares Naveira, dentro do equipo de investigación sobre Economía Pesqueira e Recursos Naturais da USC. No documento, Villares propón a reforma do marco legal vixente de xeito que se obrigue ás petroleiras e a todos os "beneficiarios materiais" do tráfico de hidrocarburos a responder económica e socialmente ante este tipo de catástrofes.



## A AGONÍA DO EUME E DO TRIMAZ

Tras un ano desde a aparición de centos de reos mortos na desembocadura do Eume, pescadores, ecoloxistas e veciños temen que se volva a repetir a catástrofe. Pola súa parte, a Consellaría de Política Territorial en funcións, en coordinación con Medio Ambiente, asegura que a situación xa é estábel no Eume e anunciou o selado

dos taludes da autoestrada Ferrol-Vilalba de onde procedía o material contaminante, algo que xa hai tempo pediu o sector ecoloxista para protexer ademais a outros ríos afectados polo mesmo motivo como o Trimaz (efluente do Lastra) ou o Lavadoiro e o Chamoselo (efluentes do Eume).

## O COUREL E A RÍA DO BURGO, EN EUROPA

O eurodeputado de Esquerda Unida, Willy Meyer, solicitou medidas por parte da UE para deter o impacto das canteiras de pizarra na comarca lucense e pediu información sobre a postura que Europa vaia tomar fronte este problema. En maio de 2008, a UE xa pedira explicacións ao Estado por supostas irregularidades detectadas na autorización de catro canteiras na zona. A resposta española xustificaba esas autorizacións, xunto co aval da Xunta, pero oito meses despois aínda non se coñece a valoración final de Bruxelas. É por iso que Meyer decide agora intervir na busca do posicionamento europeo.

Doutra banda, a Comisión europea abriu un procedemento de infracción ao Estado español polo incumprimento da Directiva de tratamento de augas residuais urbanas na zona litoral da Coruña, nomeadamente na Ría do Burgo, que derivará nunha multa. A insuficiencia de colectores e de depuración na zona foron as razóns que motivaron a apertura deste expediente, que pode rematar no Tribunal de Luxemburgo se o problema non se soluciona. A confraría de pescadores, a comunidade veciñal e os grupos ecoloxistas están satisfeitos coa mensaxe lanzada pola UE, agardando que as autoridades españolas e galegas presten agora máis atención ás súas queixas, expresadas durante anos.

Álex García







## O CASO XALLAS: FERROATLÁNTICA CULPÁBEL

Tras o resultado frustrado da declaración de Galiza como "zona libre de transxénicos" polo Parlamento Galego, a Plataforma Galega Anti-transxénicos presentou alegacións ante o Ministerio de Medio Ambiente para evitar a autorizacións de ensaios de cultivo de organismos modificados xeneticamente (OMX) en 5 concellos galegos. Porén, o Ministerio segue a ocultar a información sobre a localización exacta das parcelas

utilizadas para tal fin en Arzúa, Santa Uxía de Ribeira, Mesía, Vilalba e Chantada (este último declarado polo concello "libre" de transxénicos). Isto sucede a pesar de que unha recente sentenza do Tribunal Europeo de Xustiza obriga aos Estados membros a ter informados aos seus cidadáns das ubicacións dos cultivos de OMX, apoiándose no Dereito á Información e no Principio de Precaución.

Ramsés Pérez



## O CASO ENCE: APDR ACUDE AO TRIBUNAL SUPREMO

A modificación da Lei de Costas polo Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño, permite vender ou mercar as vivendas construídas en dominio público antes da entrada en vigor da nova lexislación de Costas. Ata o momento, non podían ser obxecto de mercado, pero beneficiábanse dunha concesión de 30 anos, ampliábel a 60. Coa expiración da concesión e coa modificación de lei, o Ministerio, segundo os grupos ecoloxistas, revaloriza esas edificacións e dificulta a

recuperación do dominio público.

En Galiza, coa mudanza de goberno, retornan á mente do Executivo galego vellos proxectos rexeitados no litoral galego pola súa insostibilidade e agresión ambiental, como a piscifactoría no Cabo Touriñán ou o viaduto de Noia. Adegas lamenta que membros do PP fagan tales anuncios porque, de conseguirse, ambos dous proxectos irían en contra da normativa que ampara a Rede Natura 2000, segundo Adegas.

## EN BREVE

**Lobo en Ancares.** A Federación Ecoloxista Galega e a Asociación para a Conservación e o Estudo do Lobo Ibérico (ASCEL) esixen cambios na xestión cinexética da reserva ancaresa, e instan á Consellaría de Medio Ambiente a que realice unha revisión a fondo desta actividade, xa que a "sobrecaza" podería aumentar os danos do lobo sobre o gando da zona.

**Contaminación no río Gafos.** En Pontevedra, a Consellaría de Medio Ambiente abriu a veda de pesca no río Gafos, despois de estar 4 anos pechada por contaminación. Pero Vaipolorío alerta de que existen aínda vertidos continuos procedentes dos sumidoiros municipais que discorren paralelos ao efluente desde Vilaboa ata a súa desembocadura e cre incompreensible que se autorice a pesca de salmónidos sen resolver antes esta situación.

**Patrimonio do Miño.** O colectivo ecoloxista de Vigo, ADENCO, reivindica que se protexan, difundan e poñan en valor as pesqueiras de Arbo, ameazadas polo Plano Xeral de Ordenación Municipal. Adenco apoia a súa mensaxe co estudo realizado polo arqueólogo Rafael Gutiérrez, no que se destaca o valor patrimonial destes vestixios da Idade Media, tamén chamados "pescos".

**Estudo sobre parques eólicos.** Un equipo de investigación de Economía ecolóxica e agroecoloxía da Universidade de Vigo, dirixido por Xabier Simón, calcula que os propietarios dos terreos nos que se asentan actualmente os parques eólicos só reciben arredor do 1,2% das rendas acadadas polas empresas do vento, a metade da media europea. Ademais destaca os avances sociais e ambientais que introduce o novo Decreto Eólico, impulsado polo bipartito, fronte á inxustiza social e ao deterioro ambiental cos que se desenvolveu esta enerxía ata o momento en Galiza.


**Día da Árbore en Pantón.** Os comuneiros de Santiago de Cangas (Pantón) celebraron o Día da Árbore plantando nos seus montes de mancomún unhas 250 árbores frondosas, 150 carballos e 100 castiñeiros. Foi no lugar coñecido como "Vaguada das Bouxas", onde os veciños levan dous anos traballando para crear un souto que acolla un milleiro de árbores autóctonas.



CANDO A INFORMACIÓN SE CONVERTE EN COÑECEMENTO



REVISTA MENSUAL DE INFORMACIÓN PARA O DEBATE



SUPLEMENTO DE LIBROS DE TEMPOS NOVOS



REVISTA GALEGA DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL



TEMPOS DIXITAL

Información, opinión e debate na rede.

[www.temposdixital.com](http://www.temposdixital.com)



## LIBROS




### CONTOS Y CUENTOS DE LOBOS

Luis Del Riego Celada e  
João Pedro Galhano  
Alves  
Exmo. Concello de Puebla de Sanabria  
Castelán e portugués  
(60) DL-ZA-133-2006

Da man dun dos seus autores, Luis Del Riego, chéganos a edición bilingüe en castelán e portugués dun "Percorrido polos relatos loberos de Sanabria e Tras os Montes". Como nos di o naturalista no prólogo, a zona que abrangue a publicación acolle na actualidade a maior poboación de lobos da Península, un territorio sen divisións administrativas para esta especie como o foi durante séculos tamén para os poboadores humanos destas terras.

A obra pretende a recuperación deste importante patrimonio para poder conservalo e divulgalo. Recolle diferentes historias relacionadas co lobo, coa súa relación cos mastíns e o gando, encontros, relatos, fábulas, lendas, contos e refráns.



### O CARBALLO CON BOTAS

Anxo Moure,  
Ilustracións de  
Tino Varela  
2teixos  
Galego (26)

E seguindo cos contos... "O carballo con botas", esa historia que seguramente todas lle temos escoitado algunha vez ao noso compañeiro ecoloxista Anxo Moure e que leva percorrendo escolas de toda Galiza, O Bierzo e Portugal, pásase agora ao papel acompañado das ilustracións de Tino Varela. É este o primeiro libro da *Colección de libros da ciclobiblioteca* e tamén da nova editorial ecolóxica, de nome "2teixos" que editará as súas publicacións en papel reciclado.

O libro conta cunha peculiaridade que o fai máis especial se cabe. Os que merquen a publicación obterán un "libro plantabosques", xa que, por cada un deles vendido, a editora "2teixos" plantará unha árbore autóctona: teixo, acivro, canceiro, faia ou freixo. Porén, aquelas persoas que o desexen poderán solicitar a árbore para plantala por elas mesmas.

## INFORMES



### SOSTENIBILIDAD LOCAL: UNHA APROXIMACIÓN URBANA Y RURAL

Equipo OSE (Observatorio de la Sostenibilidad en España) OSE Español (192)

OSE é unha entidade que pretende avaliar os avances e os retrocesos cara a sustentabilidade a través da análise de indicadores. Neste novo informe analízase a sustentabilidade local, tanto urbana como rural, intentando describir as profundas interrelacións que existen entre ambas as dúas. Pon en evidencia a necesidade de desenvolver un enfoque territorial que integre os distintos espazos para identificar, recoñecer e xestionar os recursos endóxeos de cada un deles, e propiciar a súa revalorización como un modo de garantir un tratamento sustentábel da diversidade.

[www.sostenibilidad-es.org](http://www.sostenibilidad-es.org)

## NA REDE



### LIGAZÓN:

[www.consumer.es/medio-ambiente/](http://www.consumer.es/medio-ambiente/)

Galego, éuskaro, catalán e español

A páxina da revista Consumer da Fundación do Grupo Eroski ofrece a posibilidade de consultar na rede a edición impresa da sección de medio ambiente. Contén os apartados de natureza, enerxía e ciencia, ou outros como novas, investigacións, vídeos e monográficos. Son especialmente interesantes as infografías que se poden descargar para traballar con elas. Ofrece tamén a posibilidade de subscribirse ao boletín semanal coas seccións específicas de natureza.

[www.consumer.es](http://www.consumer.es)

## EXPOSICIÓN



### O LOBO, UNHA CARREIRA POLA SUPERVIVENCIA. ADEGA, ERVA E AAAGP

(Asociación de Amizade das Artes Galego Portuguesa)

A exposición, que pretende ser un alegato a prol da conservación do lobo e os seus hábitats, reúne a obra pictórica, literaria e audiovisual de máis de 60 artistas da plástica, escrita e fotografía de Galiza e Portugal, solidarios e solidarias coa defensa da especie.


A mostra comezou a súa andaina no CEIDA e continuou en Santiago de Compostela promovida pola Concellaría de Medio Ambiente, o Concello de Santiago e a Concellaría de Cultura e Centros Socioculturais. Estivo tamén en Sigüeiro e Ordes e persiste a súa andaina polo país, acompañada de visitas guiadas e diferentes actividades de Educación Ambiental, contacontos, etc.

Coordinadores:

Xosé L. Salvadores, Xulio Villaverde,  
Pedro Alonso

[adega@adega.info](mailto:adega@adega.info)  
[expolobo@gmail.com](mailto:expolobo@gmail.com)

## REVISTAS



### ENBÍCIATE

Plataforma Carril-bici de Córdoba  
Español (32)

Chegou aos andeis do local de ADEGA un novo número, o 37, da revista sobre Mobilidade Sustentábel de Andalucía, editada pola Plataforma Carril-bici de Córdoba. Entre os seus contidos destaca a convocatoria dos premios "ring-ring", o artigo dedicado á familia de ciclistas Villar Fernández e o texto de Gerardo Pedrós titulado "O Test do Negacionista", no que pon en evidencia como, por unha banda o goberno de Zapatero presume de ser un dos líderes europeos na loita contra o cambio climático, cando pola outra, continúa a exercer unha política de infraestruturas faraónicas e non é quen de aprobar unha Lei de Mobilidade Sustentábel.

### 'RECURSOS' CERNA PIDE A TÚA COLABORACIÓN

Se estás interesad@ en que divulguemos na revista galega de ecoloxía e medio ambiente Cerna algún libro, CD, revista, película, documental, etc, ponte en contacto con nós no seguinte enderezo electrónico; [ramses@adega.info](mailto:ramses@adega.info), indicando 'Recursos' Cerna.

# PROPOSTAS ECOLOXISTAS AO NOVO GOBERNO DA XUNTA

Fins Eirexas

Cara a nova lexislatura, ADEGA demanda que se consoliden os avances ambientais encetados na etapa anterior, se aprenda dos erros cometidos e se camiñe máis decididamente cara a sustentabilidade. Nunca poderemos apoiar unha involución ambiental que bote por terra algunhas conquistas históricas do movemento ecoloxista: Lei de Defensa dos Ríos e paralización das minicentrales; Lei de Residuos e Plano de Residuos Sólidos Urbanos orientado á reciclaxe; Lei de Medidas Urxentes e moratoria urbanística no litoral; Lei da Paisaxe; blindaxe da Rede Natura no decreto eólico; novos espazos protexidos e proposta de ampliación da Rede Natura; participación social nos organismos consultivos, entre outras.

Agardamos tamén que o PP non repita os erros que anteriormente cometeu. As desfeitas teñen nome e lugar no mapa: Prestige, SOGAMA, Plano Hidroeléctrico, Plano Acuícola, Plano Eólico, Xistral, Courel, Rinlo, Cabo Vilán, Umia, Ulla, Ézaro...

A actual crise económica ten unha forte compoñente ambiental. Ao cambio climático global hai que engadir a sobreexplotación dos recursos naturais por riba da súa taxa de reposición, que colocaron a moitos ecosistemas naturais ao borde do colapso. As organizacións ecoloxistas levamos anos advertindo das consecuencias das políticas irracionais e insustentábeis, baseadas no crecemento económico sen fin. Lamentablemente, xa non hai tempo para laiarse: cómpre actuar xa. Calquera

opción política debería ter en conta este panorama e artellar propostas locais para mitigar os efectos perniciosos do cambio climático, frear a deterioración dos recursos naturais e diminuír a nosa pegada ecolóxica. Precisamos dunha mudanza substancial das políticas públicas para incorporar criterios e indicadores de sustentabilidade, con compromisos reais cuantificábeis e temporalizados. Cómpre tamén integrar transversalmente este enfoque sustentábel en todos os eidos da Administración para evitar que, outra volta, sexa a natureza a que acabe pagando as consecuencias da crise.

No cadro adxunto cítanse algunhas das propostas prioritarias. Máis información: [www.adeqa.info](http://www.adeqa.info).

## PROPOSTAS PRIORITARIAS DE ADEGA AO GOBERNO ENTRANTE

### Energía

- ▶ Obxectivo: redución do consumo fronte ao incremento da produción.
- ▶ Estimular o aforro, mellorar a eficiencia e procurar a suficiencia enerxética de Galiza.
- ▶ Fomento das renovábeis e substitución progresiva das non renovábeis.
- ▶ Mínima afección ambiental e máximos beneficios sociais
- ▶ Imposto ecolóxico aos combustíbeis fósiles e á importación de carbón.
- ▶ Traslado de REGANOSA fóra da ría de Ferrol.

### Urbanismo e litoral

- ▶ Consolidar a franxa de protección do litoral e das chairas de inundación dos ríos.
- ▶ Restringir a figura do "axente urbanizador".
- ▶ Penalizar fiscalmente ás vivendas baleiras e segundas residencias e incentivar a rehabilitación.
- ▶ Contiuidade da moratoria urbanística dos 500m (até termos Plano de Ordenación do Litoral).
- ▶ Derrogación do Plano Acuícola e aposta decidida pola recuperación da pesca artesanal, o marisqueo e a acuicultura a flote.

© Alberte S.R.



- ▶ Ampliar a rede de Áreas Mariñas Protexidas e promover a declaración de Reservas da Biosfera para as rías galegas.
- ▶ Desmantelar ENCE-ELNOSA e os depósitos do Ferrazo.

### Residuos

- ▶ Redución da xeración de lixo (obxectivo 1% anual) e incineración "cero" ("3R").
- ▶ Comarcalización efectiva e compostaxe de toda a materia orgánica, integrando o aproveitamento dos refugalllos urbanos, agrícolas e forestais.
- ▶ Fomento das industrias de reutilización e reciclaxe e dos circuitos de segunda man.

### Augas e ríos

- ▶ Promover o aforro e mellorar a eficiencia no uso da auga, e a prevención da contaminación.
- ▶ Recuperación de ríos e humidais e aposta por modelos descentralizados de saneamento con tecnoloxías brandas.
- ▶ Desbotar máis aproveitamentos hidroeléctricos e estudar a demolición dalgunhas infraestruturas obsoletas ou de alto impacto.
- ▶ Competencias hidrográficas de Galiza para a totalidade do territorio galego.

### Conservación

- ▶ Urxente ampliación da Rede Natura 2000 e da Rede Galega de Espazos Protexidos.
- ▶ Aprobación dos instrumentos de xestión (PORN, PRUX, Planos de Conservación, Planos de Recuperación) para todos os espazos e especies xa protexidas.
- ▶ Medidas compensatorias e de dinamización socioeconómica das poboacións afectadas.
- ▶ Nova Lei Galega de Impacto Ambiental.
- ▶ Plano de choque para a prevención e erradicación das especies invasoras.



# "NON ACEPTAREMOS QUE SE INVADA A REDE NATURA NIN QUE SE CONSTRÚAN MÁIS PRESAS NOS RÍOS"

Por Belén Rodríguez

Ramsés Pérez



- **Como cre que pode afectar o cambio de goberno ao eido ambiental?**
- Gañou o mesmo partido político que gobernou Galiza durante 16 anos nos que non demostrou ningunha sensibilidade ambiental. Ou este é un PP totalmente reformado, ou non é para estar moi confiados. Núñez Feijoo xa estaba no anterior goberno no que se aprobou (en funcións) o Plano Sectorial de Tecnoloxía Alimentaria, o chamado "Plano Acuícola", no que se desprezaba totalmente a Rede Natura e polo que vendían o litoral galego ás empresas internacionais.
- **Que se gañou co bipartito en materia ambiental?**
- Comparando coas anteriores, esta lexislatura foi bastante positiva, ao menos no que se refire ao establecemento de diálogo entre Administración e os ecoloxistas. O noso papel é ser esixentes coas políticas que afectan ao medio e opuxémonos a moitas cousas, o que non quita que poidamos analizar as diferenzas con obxectividade. Quizais non fomos capaces de influír nalgunhas decisións adoptadas polo bipartito, pero déusenos a oportu-

nidade para dar conta da nosa opinión.

Entre as medidas positivas sinalaría a moratoria dos 500 metros do litoral fronte a "lei bárbara" que reinaba antes na costa. Tentouse tamén afrontar un dos problemas ambientais máis graves, a xestión dos residuos sólidos urbanos, aínda sen resolver. Participamos da filosofía de fondo do novo Plan de Xestión dos RSUs, aínda que chega con retraso. Ademais consideramos un avance, aínda que incompleto, o establecemento dunha Rede galega de Calidade do Ar, ou a ampliación do Parque Natural das Illas Atlánticas. Porén, a ampliación da Rede Natura quedou nunha frustración.

- **Ademais do Departamento de Medio Ambiente, houbo vontade ambiental nos demais?**
- Si, a Consellaría de Medio Rural impulsou políticas moi favorábeis ao medio ambiente como a creación das Unidades de Xestión Forestal (UXFOR), o Banco de Terras ou os Grupos de Desenvolvemento rural, onde se dá voz por primeira vez a todos os actores sociais do territorio.
- Tamén a Consellaría de Cultura, nomeadamente a D. X. de Patrimonio, prestou oídos ás denuncias de ADEGA en moitas ocasións. Noutros casos non chegamos a tempo, como no do Círculo Lítico da Mourela, nas Pontes.
- **E que actuacións destacaría de ADEGA na pasada lexislatura?**
- Concentramos moitos esforzos na problemática do Plano Acuícola por ser un planeamento que só contemplaba a acuicultura en terra, obviando a mariña e o coidado e rexeneración das rías. Por outro lado, iniciamos a lexislatura con bo pé, xa que o Parlamento aprobou a Iniciativa Lexislativa Popular en Defensa dos Ríos, aínda que

logo lamentamos que non tivera máis aplicación. E destacamos tamén as nosas accións educativas, ao par que reivindicativas.

- **Que continuidade van ter esas reivindicacións a partir de agora?**
- Con respecto ao Plano Acuícola, xa aprobado, ADEGA alegará a cada unha das plantas proxectadas, as cales deberán pasar unha avaliación de impacto ambiental. Tamén estaremos vixiantes para que non se invada a Rede Natura baixo ningún concepto. Galiza recibiu moitos millóns de Fondos de Cohesión por pertencer ao "club dos europeos", o que implica respectar as normas comunitarias.
- No tocante aos ríos pensamos que xa é hora de dismantelar presas. Estámonos a opoñer ás concesións hidroeléctricas que se están a licitar por parte do Estado na Ribeira Sacra, e enfrontarémonos ás que veñan promovidas tamén nas bacías de Galiza-Costa.
- **Prevé que se establezan novos aproveitamentos nas bacías de competencia autonómica?**
- É moi probábel. Hai concesións pendentes de aprobar promovidas por fortes empresarios como Villar Mir, quen foi levado aos tribunais pola Xunta do bipartito pola catástrofe ambiental no río Xallas. Agora gobernan "os seus".
- **ADEGA vai pedir a interlocución co Sr. Núñez Feijoo. Que agarda dese encontro?**
- Primeiro, que nos reciba. Logo, presentárolle as nosas propostas e reclamacións en todas as materias ambientais relevantes para o noso país, baseadas na necesidade do autoabastecemento a partir dos nosos recursos. E, por suposto, apoiaremos a lingua galega porque é parte do patrimonio que nós defendemos.

# A UE REPRIME AO ESTADO ESPAÑOL

Por Belén Rodríguez

*O Estado español ten entre 3 e 5 millóns de vivendas baleiras. A pesares diso nos últimos anos duplicouse o número de vivendas construídas, pasaron de ser 10 a 20 millóns. Son os datos que ilustran o descontrol e a devastación do urbanismo e dos que se fixo eco o Parlamento Europeo para criticar por primeira vez na historia o delirio urbanístico do territorio español no seu conxunto. Tras recibir máis de 20.000 denuncias de particulares e asociacións españolas na Comisión de Peticións sobre uns 180 proxectos urbanísticos insostíbeis e prexudiciais para o interese xeral dos cidadáns, a parlamentaria danesa polos Verdes, Margrete Auken, abandeira un informe no que rexeita a caótica situación e insta ás autoridades públicas a reconducir a súa actitude e a actuar con responsabilidade.*



Costa de Barreiros, na Mariña luguesa.

O informe Auken, aprobado no Parlamento Europeo o pasado 26 de marzo, non escatima en críticas. O documento constata deficiencias no control dos procesos de urbanización por parte das autoridades públicas, a pouca precisión da lexislación vixente en materia urbanística, o abuso de dereitos lexítimos dos cidadáns fronte a capacidade de actuación dos promotores e dos axentes urbanizadores ou a falla de participación pública. Así mesmo, apunta á violación sistemática das leis ambientais e das directivas europeas nesta materia. Arestora hai 250 proxectos urbanísticos pendentes de aprobación que están a ser investigados polas autoridades europeas polo seu impacto sobre o medio. Alén da afección ambiental, a maioría das denuncias formuladas, segundo este documento, corresponden ao tipo de recualificación do solo, de rural a urbanizábel, á falla de solo protexido ou á ausencia absoluta de cualificación, quedando ao dispor dos intereses urbanizadores. Por outra banda, a parlamentaria acusa aos tribunais de seren

demasiado permisivos, da lentitude dos procesos xudiciais ou das sentenzas que non compensan ás vítimas. O informe chega a constatar a existencia dunha "forma endémica de corrupción no Estado español, cuxa vítima é de novo o cidadán".

Salvemos Mojácar, a Coordinadora Ciudadana para la Defensa del Territorio



Hotel ilegal na praia de Algarrobico, no Parque Natural Cabo de Gata-Níjar, en Andalucía.

(CCDT), Salvemos Las Rozas ou Salvemos el Territorio, entre outras organizacións, como representantes dos colectivos peticionarios e integrantes do movemento "NON SE VENDE" de todo o Estado, encomian a vontade manifestada polo Parlamento Europeo e o informe Auken. Desde a CCDT consideran un fito histórico este documento onde aparecen reflectidas 30 das súas 90 medidas de choque contra o urbanismo salvaxe, a pesares das emendas presentadas polos dous principais partidos políticos do Estado, PP e PSOE, e que foron desestimadas por Europa.

Jaime del Val, membro de CCDT é quen compareceu no Comité de Peticións como convidado e voceiro das organizacións mencionadas, destaca a importancia dalgunhas medidas sinaladas no informe Auken para seren adoptadas polos gobernos, como o establecemento de moratorias urbanísticas ante a apreciable ilegalidade dalgúns proxectos, ou a devolución de Fondos de Cohesión empregados para o desenvolvemento dos mesmos. "Non é suficiente", di Del Val, "habería que establecer unha moratoria xeral da actividade urbanística dada a cantidade inxente de vivendas baleiras que existe en todo o Estado, pero ao menos o documento recolle a maior parte das nosas reivindicacións". Del Val asegura que o informe Auken non é vinculante, non obriga ao Estado nin ás Autonomías, pero constitúe unha advertencia clara ante posibles accións futuras máis determinantes por parte de instancias europeas. De constatare que o Estado no seu conxunto segue a vulnerar reiteradamente as directivas europeas sobre os dereitos cidadáns, medioambientais, auga ou saneamento, o caso español podería derivar en dilixencias no Tribunal de Estrasburgo, como xa aconteceu co "Informe





Jaime del Val na Comisión de Peticións do Parlamento Europeo.



Praia de Macenas, en Mojácar (Almería), urbanización de 1.500 vivendas, dous campos de golf e hoteis en solo protexido pola Rede Natura 2000.

Fourtou" sobre a aplicación abusiva da Lei Reguladora da Actividade Urbanística na Comunidade Valenciana. O informe Auken é o terceiro posicionamento europeo con respecto ao urbanismo do Estado, despois do Fortou e o Libicki-Cashman, que aproba en 2007 os resultados da misión de investigación en Andalucía, Valencia e Madrid.

### GALIZA

O Instituto Nacional de Estadística e o Ministerio de Vivenda calculan que hai en Galiza case 57.000 vivendas baleiras, das cales 35.000 son habitábeis ou teñen as obras rematadas. Por iso, o noso país non é alleo a esta situación de abuso urbanístico. Para mostra, cabe mencionar o impulso por parte do anterior goberno bipartito da moratoria urbanística dos 500 metros de costa no

litoral galego con data de caducidade para maio. A moratoria de dous anos constituía unha medida cautelar ante a proliferación de solicitudes para proxectos urbanísticos no litoral de Galiza mentres non se aprobaba un Plano do Litoral Galego que delimitara os usos compatíbeis coa conservación da costa. O anterior Executivo sempre mantivo a promesa de aprobar o Plano do Litoral antes do remate da moratoria, agora queda a expensas das resolucións que adopte o Partido Popular, recentemente chegado ao poder.

O Valedor do Pobo, Benigno López González, aplaude os contidos do informe Auken, sobre todo no que respecta á aplicación abusiva dos proxectos de ordenación ou desenvolvemento urbanístico que implican expropiacións. Segundo os últimos datos feitos públi-

cos, o Valedor ten tramitado durante 2006 e 2007 arredor de 430 queixas por defectos de disciplina urbanística, maioritariamente, e de planeamento en termos de urbanismo e vivenda. "É habitual atopar incumprimentos das obrigas legais como a declaración de urxente ocupación, atrasos nos pagos, a falta de liquidación en tempo razoábel dos xuros, etc.", comenta, "e xa no 2006, esta institución criticou os efectos perniciosos da aplicación indiscriminada da figura do axente urbanizador". Pon de relevo tamén a tramitación de numerosas denuncias relacionadas coa expropiación de terreos baseada no suposto "interese xeral" dos proxectos promovidos polas autoridades locais de Galiza ou as relativas á carencia ou deficiencia de avaliacións de impacto ambiental.

## ALGUNHAS PROPOSTAS DO INFORME AUKEN

- Revisión e suspensión daqueles proxectos urbanísticos novos que poidan ir en contra de criterios sostíbeis ou que sexan inxustos socialmente e daqueles en curso que non cumpren co dereito comunitario, sobre todo os que vulneren a lexislación de auga e medio ambiente.
- Revisión da lexislación urbanística vixente e derogación das figuras legais que favorecen a especulación, como o axente urbanizador.
- A retirada de Fondos de Cohesión que sexan empregados para a construción de grandes infraestruturas innecesarias, que non estean suficientemente xustificadas ou cando os proxectos incumpran os dereitos establecidos.
- O establecemento de mecanismos xudiciais e administrativos operativos.
- Que bancos e construtoras participen conxuntamente cos gobernos na busca de solucións aos problemas derivados da urbanización masiva.
- Que os gobernos poñan máis atención ás consideracións dos Defensores do Pobo e que fagan participes aos cidadáns da súa planificación urbanística antes de ser aprobada, e non despois.
- Que se acoute a definición de "interese xeral" polas autoridades competentes, no que se viñan amparando para lexitimar proxectos insostíbeis que, nalgún caso, obtiveron informes e avaliacións de impacto ambiental negativos.

## Artigos relacionados en CERNA:

- Nº 41: "A construción da Galiza urbana. Decálogo para un urbanismo sustentábel", X.L. Martínez Suárez.
- Nº 45: "Urbanizando a Rede Natura", Daniel López Vispo.
- Nº 51: "Marea de cemento no esteiro do Anllóns", F. Baneira e cols. "O peor dos Prestige na costa galega" e "Vivenda rural e a paisaxe da especulación", Adela Figueroa.
- Nº 53: "Arquitectura e esquizofrenia", Emilio Rodríguez Blanco.
- Nº 56: "Os Plans Xerais de Ordenación Municipal", Lois Toirán.
- Nº 57: "Vivendas de madeira", Adela Figueroa.

# O MOVIMENTO ANTIGLOBALIZAÇÃO É O PRINCIPAL INSTRUMENTO DE RESPOSTA À ANIQUILAÇÃO ECOLÓGICA

Entrevista por Belén Rodríguez

- Esta é uma crise do capitalismo, da globalização, do imperialismo, do neoliberalismo...? Como prefere chamar-lhe?

É uma crise de tudo isso, mas principalmente do capitalismo. Importa sublinhar que devemos transcender a mera crítica do neoliberalismo para assumir uma crítica, mais funda, do próprio capitalismo. Esta última deve ir mais alá, polo demais, da mera contestação do capitalismo desregulado para alcançar o capitalismo em si.

Digo que a crise atinge fundamentalmente o capitalismo porque o grande debate hoje é o relativo a se este último nom está a perder dramaticamente os seus mecanismos de freio que noutras circunstâncias, finalmente, o salvaram.

- No seu livro "Globalização neoliberal e hegemonia dos EUA." do ano 2003, você sinalava que a globalização poderia chegar a ser um fermento dum big bang de efeitos desconhecidos, e posteriormente populariza-se a sua frase "a globalização avança para um caos que escapa a todo controlo". Já estamos nesse momento?

Estamos, sim. No seu pulo encaminhado a gerar um paraíso fiscal de escala planetária, desentendendo-se de qualquer consideração de natureza humana, social ou meio ambiental, a globalização tem escapado claramente do controlo e dos interesses dos que impulsaram o processo. Uma das consequências é que o capitalismo se mos-

**"Estamos a gerar um paraíso fiscal de escala planetária, desentendendo-se de qualquer consideração de natureza humana, social ou meio ambiental"**

tra hoje incapaz de resolver os seus próprios problemas.

-Existe a possibilidade da planificação perante um futuro que semelha incerto e impossível de controlar?


Nom sei se o termo mais ajeitado é planificação. Em qualquer caso, as sociedades humanas devem recuperar o controlo sobre si mesmas, e isso acarreta acantear a lógica da economia de mercado. Nesse projecto, e ao meu entender, é vital artelhar processos de franco decrescimento económico ao menos no que se refere aos países do Norte desenvolvido. Para salvar a vida

**"Obama nom está a lutar -como nom o faz a UE- contra a mudança climática"**

no planeta teremos que reduzir sensivelmente os níveis de produção e de consumo.

- A atitude intervencionista é consolidada por Estados Unidos em momentos de crise ou de conflito internacional. Vê-lo-emos também com Obama? Até onde deveram intervir os governos com respeito ao sector financeiro e empresarial?

Durante muito tempo vivemos com a ideia de que a intervenção do Estado era sempre saudável porque sempre se produzia, num grau ou outro, em proveito dos deserdados. Sabemos hoje de sobra que as cousas som mais complexas. Agora, e com claridade, os poderes públicos intervêm para socorrerem a imorais empresas financeiras e permitir que num praço de tempo breve retomem as suas práticas delitivas. Quando essas empresas acumularam formidáveis benefícios, ninguém falou, sem embargo, de intervir nelas. Um termómetro ajeitado do que temos entre mãos é o feito de que nom cheguem notícias que dêem conta de causas legais abertas contra os responsáveis das empresas financeiras das que falamos.



## CARLOS TAIBO

Carlos Taibo é professor de Ciências Políticas e de Administração na Universidade Autónoma de Madrid, autor de uma vintena de livros nos que reflexiona sobre os processos de transição na Europa Central e na Europa do Leste; questões geopolíticas a nível geral, como a primacia mundial dos Estados Unidos ou o papel da Europa no contexto global e, nos últimos anos, atende com especial dedicação ao ressurgimento do movimento antiglobalização, do qual se declara participante, como resposta ao actual modelo capitalista. Na sua análise política,

económica e social da ordem estabelecida nunca esquece a relevância e a afecção do Ecosistema e dos recursos naturais. Alguns chamam-lhe o "Noam Chomsky espanhol" e parte das suas obras som: "¿Hacia donde nos lleva Estados Unidos?", "No es lo que nos cuentan. Una crítica de la Unión Europea realmente existente", "Sobre política, mercado y convivencia" (em colaboração com José Luís Sampedro), "Os movimientos de resistencia frente à globalização capitalista", "Miserias da globalização capitalista", entre outras. Na seguinte entrevista Carlos Taibo apresenta a sua visom sobre a crise ambiental e a sua relação com a crise global.



- Que incidência têm sobre o actual ciclo económico espanhol as privatizações maciças da primeira era Aznar (1996-2000)?

Nom acredito que seja maior que o correspondente às privatizações desenvolvidas nos anos da presidência de Felipe González. Ainda por cima, nom está de mais salientar que, infelizmente, a dinâmica privatizadora fica viva nestas horas.

- Qual é o papel da ONU na actual situação?

Tendo em conta o seu imponente registo dos últimos anos, o mais que cumpre pedir à ONU é que nom legitime franca e directamente o ilegítimá-

**"Nom creio nem no crescimento sustentável nem no desenvolvimento sustentável. Nem crescimento nem desenvolvimento som sustentáveis"**

vel. Por desgraça, Nações Unidas nunca conseguiu deixar atrás a pegada de uma organização criada pelas grandes potências e quase sempre subordinada aos interesses destas. Dito o anterior, é verdade que o mundo seria um pouco pior se a ONU desaparecesse.


- Qual é o papel que jogam as ONGs e os sindicatos na crise? Deveriam mudar em forma e conteúdos? E em concreto, as organizações ecologistas?

Muito me temo que os sindicatos 'maioritários' som hoje, entre nós, alicerce fundamental do capitalismo que padecemos; há muito tempo que perderam a sua capacidade de combate de ontem. Polo que se refere às ONG, o seu é reconhecer que em muitos casos, visivelmente burocratizadas, defraudaram as expectativas que se criaram ao seu arredor vinte anos atrás.

- Crê realmente que a crise pode ser uma oportunidade de mudança, também ambiental? Há algum indício?

Acho que é uma oportunidade interessante para que uma parte da cidadania recupere o pensamento crítico, e nesse sentido agoiro uma idade de ouro para os movimentos de contestação. É verdade, porém, que em frente estarão tramadas estratégias oficiais encaminhadas a alimentar, por cima de tudo, o

© Alberte SF



medo. Ao cabo, boa parte dos discursos oficiais responde a este objectivo. Diz-se-nos: se nom protestais, podereis manter boa parte dos vossos privilégios: mas, se resistides, corredeis o risco de perder todos estes.

- Em momentos de crise, faz-se mais visível a relação entre o ambiente e a economia? É o ambiente parte causante da situação económica global?

Deveria ser assim, tanto mais quanto que hoje a distinção entre economia e ecologia é cada vez mais fictícia. Em qualquer caso, muitas vezes disse que estamos perante várias crises, por muito que os meios do sistema só falem numa delas, a financeira, que é, por demais, a menos importante. Na rebotica estão, contudo, as crises venceladas com a mudança climática, com o encarecimento inevitável, antes ou depois, dos preços da maioria das matérias primas energéticas que empregamos e com a sobrepovoação.

- Existe alguma fórmula no actual modelo económico que permita valorar nas suas claves as agressões ambientais, o esgotamento dos recursos ou os benefícios da natureza?

Cumpre empregar medidores económicos alternativos, que tomem em consideração elementos sociais e meio ambientais que escapam aos medidores oficiais. Mesmo assim, a pegada ecológica, que mede a superfície do planeta, terrestre como marítima, necessária para manter as actividades económicas, é suficientemente ilustrativa da desfeita meio ambiental na que nos encontramos. Deixamos mui atrás as possibilidades meio ambientais e de recursos da Terra e estamos a esgotar recursos que nom vam estarem a disposição das gerações vindouras.

- China, Índia e Japão som os que estão a caotizar a ordem mundial em matéria ambiental e económica?

Nom. O caos principal vem das potências ocidentais, ainda que é certo que o pulo das economias emergentes tem consequências graves em matéria de aceleração das diferentes crises.

- **Temos que preocupar-nos de que alguns grupos empresariais ameacem com mudar-se a outros lugares do planeta com governos mais "permissivos" ou "anárquicos"?**

Naturalmente que deve preocupar-nos. Mas o fenómeno ?nom nos enganemos— nada tem de novo. Ao cabo a maioria das estratégias do imperialismo e do colonialismo tardicionais bebiam ?bebem? de semelhantes práticas.

- **A pretendida luta contra a mudança climática de Obama arrastará a Europa ainda reticente em políticas ambientais radicais?**

Obama nom está a lutar ?como nom o faz a UE? contra a mudança climática.

**"O primeiro que as sociedades opulentas devem fazer é fechar muitos dos complexos industriais hoje existentes e artelhar trabalhos relacionados com a satisfação das necessidades sociais e meio ambientais, e com os sectores económicos tradicionais que sobreviveriam"**

Se dum lado segue a estimular, rotundamente, o negócio privado ao respeito, doutra prefere esquivar a conclusão de que a única estratégia crível contra a mudança climática é a que passa por reduzir a actividade económica da mão do pechamento ?ou da redução de actividade? de indústrias como a militar, a automobilística, a da aviação ou a da construção.

- **Devemos ser confiados nos acordos internacionais que pretendem resolver os problemas de tipo ambiental?**

Som meros parches funcionais para a lógica autopropagandística dos sistemas que padecemos. Todos os receios estão justificados.

- **O petróleo seguirá a ser alimento das guerras, ou num futuro ficará em segundo lugar frente a outros recursos naturais?**

Durante um tempo seguirá sendo fonte de guerras de rapina, que se calhar

creceram ao abrigo do esgotamento dos recursos petrolíferos. É lógico pensar, de qualquer modo, que com o passo dos anos a ênfase se orientará para outras matérias primas energéticas. A crise derivada dos preços destas somar-se-á às consequências dramáticas da mudança climática.

**"Agoiro uma idade de ouro para os movimentos de contestação. É verdade, porém, que em frente estarão tramadas estratégias oficiais encaminhadas a alimentar o medo"**

- **Poupança e eficiência energética ou maximização dos recursos energéticos renováveis?**

Sublinho, mais uma vez, que no Norte desenvolvido devemos decrescer. Nom tem sentido imaginar que as energias renováveis, por si sós, resolvem os nossos problemas se nom assumimos também medidas de estrita austeridade.

- **Em que posição vê a energia nuclear?**

É um dos mitos mais nojentos do momento presente. Há urânio para pouco tempo, ninguém sabe que fazer com os resíduos gerados pelas centrais, a construção destas é extremadamente cara e a energia produzida manifestamente custosa, os efeitos da primeira ?da construção? em matéria de mudança climática som muito notáveis, e, em fim, a segurança muito conflitiva. Nessas condições, defender a energia nuclear como alternativa real aos problemas do presente é mover sem mais, e com descaro, os impresentáveis interesses de determinadas empresas.

- **Que se deve de frear antes, a concentração de capital ou o aproveitamento maciço de recursos naturais?**

Walter Benjamin responderia se calhar que o segundo: temos que pôr quanto antes os freios de emergência, toda vez que a locomotora marcha disparada. Mas nom sei como haveríamos de fazê-lo se, ao mesmo tempo, nom freamos a concentração de capital ou, melhor, nom acabamos com o capital. Como rezava a canção do Fausto: "O que nos falta em rigor, sim senhor, é varrer o capital".

© Alberte SR



- **Crê na sustentabilidade e nas políticas sustentáveis de desenvolvimento actuais? Cabem no actual sistema?**

Nom creio nem no crescimento sustentável nem no desenvolvimento sustentável. Ou som realmente sustentáveis, e entom nom som nem crescimento nem desenvolvimento, ou som estes dous e daquela nom som

**"Defender a energia nuclear como alternativa real aos problemas do presente é mover sem mais, e com descaro, os impresentáveis interesses de determinadas empresas"**

sustentáveis. Além disso, o crescimento económico nom gera coesom social, provoca agressões meio ambientais em muitos casos irreversíveis, facilita o esgotamento de recursos que nom estarão a disposição das gerações vindouras e, em fim, permite o triunfo dum modo de vida escravo que invita a pensar que seremos mais felizes quantas mais horas trabalhemos, mais dinheiro ganhemos e mais bens acertemos a consumir.

- **Pela contra, há quem acredita num desenvolvimento humano em harmonia com a natureza, a modo de como se desenvolvem e evoluçionam os ecossistemas, até alcançar uma situação clímax. Nom é isso possível?**

Hoje em dia entre nós o termo 'desenvolvimento' está lastrado pola mesma mitologia quantitativa que oculta o termo 'crescimento'. Nesse sentido,



cuido que dificilmente o que arrastra pode adaptar-se à metáfora dos ecossistemas.

- Existe um movimento antiglobalização ambiental que pode enfrentar-se à crise?

O movimento antiglobalização é, numa das suas fasquias fundamentais, profundamente meio ambiental. Configura, ao meu entender, o principal instrumento que temos para dar resposta à aniquilação ecológica do planeta. E para mim segue a crescer e a madurar. Numa das suas dimensões principais, os movimentos radicados no Norte defendem, por cima de tudo, direitos para outros. Essoutros som os deserddados de sempre do planeta, residentes fundamentalmente no Sul, mas presentes também no Norte, e, naturalmente, as gerações vindoiras.

- Atreveria-se a dar-nos algumas claves para superar a crise ambiental, como parte duma crise global?

Nos países ricos deve reduzir-se a produção e o consumo porque vivemos por cima das nossas possibilidades, porque é urgente cortar emissões que danam perigosamente o meio e porque começam a faltar matérias primas

**"A crise financeira é a menos importante. Na rebotica estão as crises vencelhadadas com a mudança climática, com o enca-recimento inevitável dos preços da maioria das matérias primas energéticas que empregamos e com a sobreprodução"**

vitalis. Claro que nom é suficiente com assumir reduções nos níveis de produção e de consumo. Devem reorganizar-se as nossas sociedades sobre a base doutros valores que reclamem o triunfo da vida social, do altruísmo e da redistribuição frente à propriedade e o consumo ilimitado. Cumpre reivindicar, em paralelo, o ócio frente ao trabalho obsessivo, como cumpre postular o repartido do trabalho, outrora uma prática sindical comum. Outras exigências ineludíveis falam da necessidade de reduzir as dimensões das infra-estruturas produtivas, administrativas e de transporte, e de privilegiar o local frente ao global num cenário marcado, em suma, pola sobriedade e a simplicidade voluntária.

O primeiro que as sociedades opulentadas devem fazer é fechar ?ou reduzir

ensivelmente a actividade correspondente? muitos dos complexos industriais hoje existentes. Os milhões de operários que, conseqüentemente, perderiam os seus empregos deveriam encontrar trabalho através de dous caminhos. Se um é o desenvolvimento ingente de actividades nos âmbitos relacionados com a satisfação das necessidades sociais e meio ambientais, o outro chegaria da mão do repartido do trabalho nos sectores económicos tradicionais que sobreviveriam. Importa sublinhar que neste caso a redução da jornada laboral bem poderia supor reduções salariais, sempre que estas, claro, nom fossem em proveito dos benefícios empresariais. Ao cabo, à melhora de nível de vida que se derivaria de trabalhar menos, e de desfrutar de melhores serviços sociais e dum meio mais limpo e menos agressivo, somaria-se a derivada da assunção plena da conveniência de consumir, também, menos, com a conseguinte redução de necessidades no que a salários se refere. Nom é preciso agregar ?parece? que as reduções salariais que nos ocupam nom afectariam, naturalmente, a aqueles que menos têm.





**DOMINGO QUIROGA**  
CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL

## Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga

- ✓ Información e consulta especializada na temática ambiental
- ✓ Amplo abano de servizos
- ✓ Acceso rápido e eficaz á información ambiental

[www.ceida.org/centro-documentacion-domingo-quiroga.html](http://www.ceida.org/centro-documentacion-domingo-quiroga.html)



De haber un bico Galicia Calidade, sería este.




ADEGA DOS EIDOS, S.L.  
AGUAS DE CABREIROÁ, S.A.  
AGUAS DE MONDARIZ FUENTE DEL VAL, S.A.  
AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U.  
BODEGAS RUCHEL S.L.  
CASA BRANDARIZ  
CASA DE CACHEIRO  
COOPERATIVAS ORENSANAS S. COOP. LDA. "COREN"  
CORUÑESA DE ETIQUETAS, S.L.  
EXPL.OTACIÓN AGROPECUARIA DE VILANE, S.A.  
FEIRACO LÁCTEOS, S.L.U.  
GALLEGO PEREIRA FRIGORÍFICOS, S.L.  
GARGALO, S.L.  
HIJOS DE RIVERA, S.A.  
HORNO SANFIZ, S.A.  
HOTEL AUGUSTA SPA RESORT \*\*\*\*\* SUPERIOR  
HOTEL LOUXO  
INGAPAN, S.L.  
LACTOSA BIANXEIRA, S.A.  
LECHE DE GALICIA, S.L.  
LUIS ESCOBIS BATALLA, S.L.  
MATERIALES CERÁMICOS, S.A.  
MERMELLADORES DE LONGUEIRÓN DE ESTERRA, S. COOP. GALEGA  
MOLDURAS DEL NOROESTE, S.L.  
PAQUITO, S.L.  
PIERTO CELEIRO, S.A.  
QUEIXERÍA CAS LEIRAS, S.L.  
QUEIXERÍAS CASTILLO DE PAMBRE, S.L.  
RAMIRO MARTINEZ, S.L.  
SIDRAM GALLEGA, S.L.  
TORRE DE NÚÑEZ DE CONTURIZ, S.L.  
TRANSPORTES MITO-RADIO, S.A.  
VIDISCO, S.L.  
VILARVINS, S.L.



galiciacalidade

GALICIA CALIDADE, É SÓ AQUILO QUE PODEMOS CERTIFICAR,  
SÓ OS PRODUTOS E OS SERVIZOS COA MAIOR CALIDADE GALEGA CONTROLADA E CONFIRMADA.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Promoción Industrial  
e de Sociedade da Información



# O ALUGUER MUNICIPAL DE BICICLETAS NAS CIDADES GALEGAS

Reportaxe por Belén Rodríguez

*Os impactos medioambientais e sanitarios que está a xerar o consumo desmesurado de combustíbeis fósiles, sobre todo por mor do transporte, son coñecidos pola meirande parte da poboación. Nas cidades, se cabe, o problema é máis visíbel. Nelas asistimos a miúdo á aglomeración de tráfico de vehículos a motor, impedindo en boa medida a mobilidade urbana a través doutros medios de transporte como a bicicleta ou mesmo a pé, relegados a un segundo ou terceiro lugar. Este feito choca coa manifesta necesidade das cidades actuais de volvérense máis habitábeis e humanizadas, nas que os cidadáns recuperen protagonismo fronte ás infraestruturas e os automóbeis e decidan como han de desprazarse por elas.*

*Porén, nos últimos anos estase a constatar en todo o Estado español un incremento lento pero constante do uso da bicicleta. Están a aparecer movementos cidadáns espontáneos que reivindican o respecto aos cicloturistas nas cidades, como as "masas críticas", e comézase a premiar con subvencións a aqueles municipios que desenvolven plans de mobilidade nos que se prioricen ao peón e á bicicleta. Unha das respostas locais a esta crecente demanda social de espazos urbanos máis limpos, cómodos e fáciles de transitar son os servizos municipais de préstamo ou aluguer de bicicletas que, actualmente, están a funcionar nunhas 30 cidades do Estado, das que 5 son galegas.*

Belén Rodríguez



O aluguer de bicicletas non é unha práctica recente. O movemento reivindicativo do uso público de bicicletas comezou en 1968 en Amsterdam (Holanda) co gallo de reclamar unha cidade máis cómoda e habitábel. Daquela, o servizo público non dispoñía de puntos de recollida polo que se podían atopar as bicicletas en calquera lugar da cidade e non estaban sometidas a ningún mecanismo de seguridade. Era o chamado sistema "aberto". Hoxe en día esta fórmula desapareceu a medida que os cidadáns holandeses adoptaron a bicicleta como medio de transporte principal para a circulación polas cidades.

En 1995, xorde unha segunda xeración de sistemas de préstamo en Copen-

hague (Dinamarca). Alí xa se candeaban as bicis a uns aparcadoiros especiais que funcionaban con moedas, pero non se rexistraba o usuario, polo que proliferaban os roubos. Foi a partir de 2001 cando Europa se decantou por sistemas que rexistran a identidade dos usuarios a través de tarxetas intelixentes coas que se pode retirar e devolver a bicicleta. Nos lugares onde estes sistemas están máis avanzados, a tarxeta permite a intermodalidade con outros transportes de carácter público, son recargábeis ou están vinculadas a unha conta bancaria. Son os sistemas de cuarta xeración.

As cidades galegas optaron polo sistema automático máis sinxelo. Arestora, Ourense, Lugo, Santiago, Ferrol e Pontevedra conforman o grupo de localidades galegas con servizo municipal de préstamo ou aluguer de bicicletas. Desde o ano 2005 o Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) e o Instituto

Enerxético de Galiza (INEGA) están a dotar de recursos aos concellos coa intención de favorecer este vehículo como medio de transporte alternativo para o acontecer diario, non só para os fins de ocio. Aproveitando esta oportunidade, pronto se unirán á experiencia os concellos de A Coruña, Redondela, Culleredo e Vilagarcía de Arousa, cuxos proxectos se atopan en fase de licitación ou concurso.

O sistema escollido precisa de pouco persoal de xestión e mantemento e ofrece a posibilidade, na maioría dos casos, de darse de alta como usuario a través da páxina web do concello. É o caso de Ferrol, que creou unha dependencia exclusiva no municipio para este fin. María López, concelleira de Medio Ambiente louba as vantaxes do sistema pola cantidade de información que aporta, "a través da tarxeta coñecemos cales son os horarios de recollida, a frecuencia de uso, a base máis utilizada, o



Os enganches para bicicletas son aínda escasos nas urbes galegas, mesmo diante dos edificios públicos.

perfil dos usuarios..., a poboación acolleuno de marabilla e nós queremos que se implante totalmente na cidade".

Na Coruña, onde está a piques de entrar en funcionamento, o servizo pretende incorporarse como parte da oferta da chamada tarxeta "Milenium" coa que se pode acceder a outro tipo de servizos públicos. A cidade herculina será a primeira en Galiza que estableza diferentes prezos segundo a tipoloxía do usuario, para turistas e residentes. Neste senso, Lugo, Pontevedra e Ferrol manteñen a gratuidade do sistema para favorecer a participación cidadá, pero non descartan establecer un prezo "simbólico" de uso no futuro, como xa fixeron en Compostela ou Ourense. "Cando mudamos cara ao pago do servizo demos de baixa a todos os usuarios, uns 500, e en dous anos, non só os recuperamos, senón que os cuadruplicamos", asegura Demetrio Espinosa, concelleiro en Ourense.

O INEGA subvencionou a cadanseu concello cuns 140.000 euros para poder poñer en marcha este servizo en Galiza. Os custos de mantemento e reparación corren a cargo dos municipios e oscilan entre os 25.000 e os 100.000 euros anuais, dependendo dos desperfectos, do número de bicicletas e de estacións de servizo. O custo é asumíbel polos concellos, dispostos unanimemente a manter o préstamo e amplialo mentres a cidadanía o demande.

Pontevedra foi a última cidade galega que se animou a implantar o sistema de aluguer, a comezos de 2009. A pesares da súa recente incorporación xa supera en usuarios a Lugo e a Santiago. O ex-concelleiro de Transportes, Guillermo Vázquez, cre que se debe á topografía do terreo e a unha previa política de mobilidade compatíbel coa bicicleta: "Non hai motivo polo cal a bici non poida convivir co vehículo a motor na



As estacións-base son os puntos de recollida e devolución de bicicletas do servizo municipal de aluguer e sitúanse en puntos estratéxicos da cidade.

nosa cidade, xa que non hai fortes pendentes, a velocidade dos coches está limitada a 30 km/h, pode discorrer por zonas peonís e recentemente colocamos 350 enganches en puntos estratéxicos, ademais de abriremos un pequeno carril-bici desde a periferia ao centro".

Neste tipo de servizos públicos, o único aspecto negativo referido polos edís é a falla de responsabilidade dalgúns usuarios que non coidan adecuadamente das bicicletas, "hai xente que non entende que é un ben público e que nos costa cartos a todos", di o responsable de Transporte en Santiago, Carlos Nieves. No pasado mes de febreiro roubáronse 24 bicis de préstamo en Compostela, por exemplo, e en Ourense realízase un gasto medio mensual de entre 500 e 700 euros por reparacións.

Nalgúns casos, o uso da bicicleta vese prexudicado polas circunstancias orográficas ou climáticas do lugar, segundo indica Xosé Rábade, edil de Transportes en Lugo.

## A OPINIÓN DOS CICLOUSUARIOS


As vantaxes que ofrece este sistema de préstamo son pouco visíbeis polo de agora nas cidades galegas. Está preparado para urbes grandes ou medianas cunha elevada demanda e, principalmente, para favorecer a mobilidade diaria dos residentes. Segundo os estudos do programa europeo NICHES, para que un sistema automático funcione con todo o seu potencial, o tamaño mínimo das cidades debe ser de 200.000 habitantes. Seguindo este suposto, só nas cidades da Coruña e de Vigo podería obter resultados considerábeis; aínda que Vigo polo de agora non ten previsto impulsar este servizo de aluguer. Pero os usuarios cren que o que diferencia uns servizos de préstamo doutros non é tanto o tamaño das cidades, senón o acompañamento de medidas complementarias que faciliten o desprazamento en bicicleta e reduzan a presenza do automóbil nas rúas.

Así pois, botan en falla plans xerais de mobilidade que obedezan a políticas máis sensíbeis coa bicicleta como medio de transporte opcional e de futuro. Santiago Quiroga, usuario en Lugo, comenta que "noutros países, como os do Norte, fixeron políticas de mobilidade que reducen o número de autos nas urbes e potencian a bicicleta axudados por campañas de educación vial e concienciación sobre este medio alternativo". Por tanto, o servizo de préstamo por si mesmo non axudaría a minguar a presenza dos vehículos a motor na cidade, como é recoñecido polo edil de Medio Ambiente do concello de Ourense, Demetrio Espinosa: "Somos conscientes de que o aluguer público non supuxo a retirada de vehículos da rúa, pero é interesante porque fomenta unha 'nova conciencia' de mobilidade".

"Ponte en Bici", en Pontevedra, ou "Roda Limpo", en Ourense, defínense como programas de mobilidade urbana



Os ciclouarios galegos botan en falla nas cidades carrís-bici que faciliten a circulación das bicicletas como medio de transporte e non só de ocio.



A pesares de que os vehículos a motor predominan nas cidades, a bicicleta comeza a reivindicar o seu lugar na vía pública.



MUNICIPIOS GALEGOS CON PRÉSTAMO DE BICICLETAS	SERVIZOS EN FUNCIONAMENTO					SERVIZOS EN TRÁMITE	
	FERROL	OURENSE	LUGO	SANTIAGO	PONTEVEDRA	CORUÑA	REDONDELA VILAGARCÍA CULLEREDO
Nome	FERROL EN BICI	ENBÍCIATE (Roda Limpo)	REBÍCICLATE	COMBICI	PILLA BICI (Ponte en Bici)	BICICORUÑA	SD
Ano Implantación	Setembro 2007	Setembro 2007	Setembro 2007	Xuño 2008	Xaneiro 2009	Verán 2009	Verán 2009
Nº Bicis	115	100	100	100	100	150	SD
Nº Estacións-base	4+3	5+3	5	7	5	10	SD
Bases máis utilizadas	Portanova Peirao	Pavillón dos Remedios	Campus Univ. Estación Bus	Campus Sur Estación Bus	G. Mellado Universidade	SD	SD
Nº usuarios **	4.600	2.400	840	400	3.000	SD	SD
Nº usos **	25.000	7.300	5.600	2.800	5.700		
Horario usos (inverno e verán)	09.00-20.00 08.00-22.00	09.00-19.00 09.00-21.00	08.00-19.30 08.00-21.00	09.00-18.00 08.00-22.00	08.30- 20.30	SD	SD
Limites uso	2 horas	4 horas	3 horas	1 hora	2 horas	SD	SD
Tempo de espera ata o próximo uso	Tras 2 horas	Tras ½ hora	Tras ½ hora	Tras 10 min.	Tras 5 min.	SD	SD
Orzamento							
INEGA (subv.)	140.000	140.000	140.000	140.000	132.000	SD	SD
Concello (anual)	42.000	25.000	SD	SD	93.000	SD	SD

\*SD: sen determinar \ \*Fonte: elaboración propia \ \*\*Datos ata o mes de abril 2009

dos que forman parte os servizos de aluguer "Pilla Bici" e "Enbíciate", respectivamente. Na súa virtude, os concellos invisten recursos municipais para creación de infraestruturas adecuadas á bicicleta (carrís-bici), a implantación de enganches en puntos estratéxicos ou a creación de zonas de velocidade reducida para os automóbeis. Aínda así, algúns ciclousuarios queixanse de que a maioría dos carrís-bici están destinados fundamentalmente ao ocio, como María Durán de Ourense, "van pola beira do río, o que non facilita nada a vida diaria". Cren que estas infraestruturas deberan de conectar a periferia co centro da urbe. En Ferrol máis de 400 usuarios son residentes de localidades próximas, como son Narón ou Fene.

Outra das eivas denotadas é a falla de enganches onde candear as bicis nas

estacións de tren ou autobuses que permitan a intermodalidade do transporte público, ou diante dos edificios administrativos e universidades. "En Santiago non hai onde deixalas nin na Estación de Tren nin no Hospital, creo que o préstamo municipal melloraría moito suplindo estas deficiencias", afirma Manuel Salgado, usuario en Compostela. O mesmo problema aparece en Lugo, cidade que carece de enganches ou aparca-bicis xunto ás dependencias públicas ou aos grandes centros comerciais. De feito, estes destinos son os lugares máis concurridos polos usuarios do préstamo, así o indican datos facilitados polo INEGA.


Tamén o número de estacións-base de recollida de bicicletas, entre 4 e 10 dependendo das cidades, é considerado reducido en xeral. Nestes puntos é onde se recollen e devolven as bicis do aluguer.

En Ferrol e Ourense prevese o aumento de 3 postos-base ao longo deste ano. "Cantas máis bicicletas e aparcadoiros, máis posibilidades hai de que a xente faga uso delas", comenta Elena López de Ferrol, "principalmente nas zonas de traballo".

No entanto, a maioría das críticas apuntan ás limitacións do horario de préstamo. A pesares de que os sistemas automatizados están preparados para funcionar as 24 horas do día, en todas as cidades galegas se restrinxe o uso diario por usuario de 1 a 4 horas, aínda que pode volver utilizala transcorrido un tempo tras o último uso. Compostela é a cidade máis restritiva neste senso, pois limita a 1 hora o tempo de uso e ademais é a que finaliza máis cedo o horario de préstamo no inverno. Manuel Salgado critica estes aspectos, pero cre unha van-



Datos de xullo 2008 a febreiro 2009. En Compostela, a media diaria de desprazamentos son 13 viaxes e cunha duración media de 19 minutos.



#### PERFIL DO USUARIO/A:

Predomina o xénero masculino, con idades comprendidas entre os 25 e 50 anos e son residentes.

#### DEMANDAS DO USUARIO/A:

- Plan xeral de mobilidade.
- Ordenanza municipal de mobilidade.
- Favorecer a intermodalidade dos transportes públicos.
- Redución da velocidade dos vehículos a motor e limitacións de circulación.
- Campañas de sensibilización e educación vial sobre a bicicleta.

- Estacións-base e enganches en puntos neuráxicos da cidade (hospitais, administracións, universidades, estacións de transporte, centros comerciais...).
- Ampliar horarios de uso e adaptalos á vida laboral dos cidadáns.
- Carrís-bici, principalmente desde as periferias das urbes cara ao centro.

#### OUTRAS PROPOSTAS:

- Penalizar os transportes contaminantes, a través de peaxes ou tarifas.
- Ordenanza que regule especificamente a circulación da bicicleta polo municipio.

taxe, pola contra, poder retirar dentro do horario establecido máis dunha bicicleta cunha soa tarxeta. Tamén propón que se poida utilizar a mesma tarxeta intelixente en todas as cidades galegas con servizo de aluguer para poder gozar das súas vantaxes en calquera momento.

En termos globais, os ciclousuarios galegos do aluguer público de bicicletas apostan decididamente por este tipo de iniciativas, mesmo tendo que afrontar un custo anual, pero animan a que os concellos establezan melloras, non só de tipo funcional, senón na planificación urbanística e de mobilidade das cidades nas que os vehículos motorizados tendan a perder as súas prioridades.


En varias cidades galegas (como podemos observar na táboa) os usuarios son milleiros, pero a xulgar polo número de usos totais rexistrados desde a posta en marcha do sistema, é probábel que moitos deles dispoñan da tarxeta, mais non a utilicen, ou a usen excepcionalmente. Así, a frecuencia de uso é maior en Lugo e Ourense, a pesares de seren as cidades con menos usuarios rexistrados. Ferrol presenta a situación máis óptima con relación ao número de usuarios e ao número de usos.

## OUTROS SERVIZOS DE PRÉSTAMO VIXENTES

A consellaría de Medio Ambiente impulsa desde o curso 2006-2007 o préstamo ou cesión de bicicletas para a comunidade universitaria de Compostela e A Coruña. Baixo o lema "Móvete contra o cambio climático" pretende animar aos estudantes, docentes e persoal administrativo das universidades a facer uso deste vehículo para contribuír ao aforro enerxético, á minimización das emisións contaminantes e para facilitar a mobilidade nas áreas universitarias. O servizo consiste na cesión dunha bicicleta por usuario e curso

e no asesoramento técnico durante o tempo de vixencia do programa. A USC ten 300 bicicletas destinadas a este fin, entre os Campus de Santiago e Lugo, e a UDC presta 85.

Nas dependencias da Xunta de San Caetano e San Lázaro tamén se dispón dun servizo interno de préstamo para os traballadores e persoal funcionario co gallo de facilitar o seu desprazamento entre as distintas dependencias administrativas. Nese ámbito están a disposición 20 bicicletas.



**ESPACIO  
sub  
marino**

**A túa revista sub  
feita desde Galicia  
para todos os amantes do mar**

**[www.espaciosub.com](http://www.espaciosub.com)**



# O INCERTO FUTURO DE ENCE EN GALIZA

Por Belén Rodríguez e Fins Eirexas

*Dentro de nove anos, no 2018, o complexo Ence-Elnosa ten que pór fin á súa actividade de fabricación de pasta de papel en Pontevedra. Desde que se fixo pública a data de caducidade, a Administración viuse obrigada a responder a determinadas cuestións relacionadas co futuro da entidade empresarial en Galiza que precisan resposta: a partir do ano 2018, ou antes, irase Ence de Pontevedra? Será o seu peche o fin da súa actividade no país? Existe outra localización adecuada para a fábrica da celulosa en Galiza? Como vai influír a súa marcha no aproveitamento forestal do territorio galego? E desde un punto de vista económico ou social? Demasiadas preguntas que o anterior goberno non abordou con determinación e que, coa entrada dunha nova Administración "popular", quedan aínda máis sumidas no escurantismo da incerteza. O que si está claro, ao menos desde o eido ecoloxista, é a magnitude do impacto que a actividade de Ence ten suposto para o medio ambiente galego.*

*ADEGA quixo retomar o debate sobre o futuro do complexo Ence-Elnosa nun encontro entre os seus socios e socias e personalidades das universidades galegas, de grande pouso no ecoloxismo galego, convidados a analizar as posibles opcións dese futuro incerto. Tomaron posicións o ex-presidente de ADEGA e profesor de Enxeñaría Química na UDC, Manuel Soto Castiñeira, o Catedrático en Bioloxía e tamén ex-presidente de ADEGA, Ramón Varela, e o Catedrático en Economía Aplicada pola USC, Xabier Vence.*

## REPASO AO IMPACTO AMBIENTAL DE ENCE

O profesor en Enxeñaría Química na UDC, Manuel Soto, e o catedrático en Bioloxía, Ramón Varela, ambos ex-presidentes de ADEGA, fixeron un repaso histórico sobre a implantación, desenvolvemento e impacto ambiental da planta de celulosas de Pontevedra desde a súa posta en funcionamento en 1976 ata o día de hoxe. A súa localización na ría de Pontevedra e os seus previsíbeis efectos ambientais fixeron xurdir unha das primeiras loitas ecoloxistas de Galiza, nun momento no que se ofertaban máis proxectos pasteiros en Lugo, na Costa da Morte, Ourense, Ponteceso ou Pontecesures. Ningún destes foi adiante, agás o de Ence, en Pontevedra, xunto coa súa fábrica de cloro para branquear o papel, Elnosa.

Durante preto de 20 anos tanto Ence como Elnosa, lembrou Soto, contaminaron sen ningún tipo de restricións, ata que a finais dos 80, coincidindo coa aparición de dous novos proxectos en Narón e As Pontes, ADEGA promove unha Iniciativa Lexislativa Popular en Defensa do Monte Galego e por unha nova política forestal, abalada por 35.000 sinaturas, e presentada no Parlamento galego por Ramón Varela, daquela presidente do colectivo. A ILP non foi aprobada no Hemicycle, pero aínda así, a presión social conseguiu que Ence mudara as súas cualidades tecnolóxicas do proceso de branqueado cara a outro sistema máis sostíbel. "Algunhas análises dos anos 80", comentou Soto, "mostaban que a ría de Pontevedra contiña



Belén Rodríguez

De esquerda a dereita: Xabier Vence, Ramón Varela e Manuel Soto.

100 veces máis mercurio que a Ría de Arousa, por exemplo". Así, sen abandonar o proceso Kraft, Ence substitúe o sistema de branqueo de papel con cloro gas polo dióxido de cloro (celulosa ECF), reducindo a xeración de dioxinas, e que, posteriormente nos anos 90, acabaría mudando polo peróxido de hidróxeno (TCF) xunto con outro tipo de medidas complementarias.

Tales mudanzas reducirían en boa medida a carga contaminante (segundo algúns informes da empresa), pero non solucionarían a fonda pegada ecolóxica de máis de 30 anos de actividade, que aínda se mantén hoxe. Consérvanse como antes os riscos asociados ao manexo do cloro e mercurio na planta anexa de ELNOSA, as fortes emisións á atmosfera derivadas do proceso kraft de

ENCE, e o impacto da localización de todo o complexo na primeira liña de costa. Ademais, segundo os últimos datos dispoñíbeis no Rexistro español de emisións contaminantes, o EPER, de 2007, Ence emitiu 97.000 toneladas (t) de CO<sub>2</sub>, 370 t de dióxido de xofre, 211 t de partículas e 5 t de ácido sulfhídrico.

Alén desta variabilidade e volume de produtos químicos utilizados, Ence precisa, aínda hoxe, dun elevado consumo de auga. Tamén a finais dos 90 pasa de 200 m<sup>3</sup> a 60 m<sup>3</sup> de auga por tonelada de pasta elaborada. A pesares deste aforro, aínda hoxe o seu consumo acada os 12 millóns de m<sup>3</sup> de auga anuais, superando a cantidade que precisan os 150.000 habitantes de Pontevedra para abastecerse.

## DATOS

- En Europa as celulosas empregan a 10.000 persoas, mentres que as papeleiras dan traballo a 180.000.
- A contaminación xerada distribúese á inversa do emprego: o 80-90% corresponde á etapa de elaboración da pasta.
- No Estado español hai 103 factorías de pasta de papel, 200 de papel e 30 de papel reciclado.
- Próximas a Galiza están as pasteiras de Navia (Asturias), 2 en Torrelavega (Cantabria) e 4 no Norte de Portugal.
- O Estado español é o sexto produtor de celulosas e de papel e o cuarto exportador na UE; tamén o sexto exportador en todo o mundo. Ten un importante déficit de materias primas.

## Artigos relacionados en CERNA:

- Nº 9: Tarxetas postais para esixir os datos da contaminación da celulosa de Lourizán, Antón Masa.
- Nº 10: Dossier "Celulosas de Pontevedra: 30 anos de degradación ambiental", Antón Masa, Emilio Ínsua, Manuel Soto.
- Nº 18: "Novo éxito da marcha contra celulosas", Antón Masa.
- Nº 32: "Xuízo a Ence-Elnosa por delito ecolóxico", Antón Masa.
- Nº 37: "Celulosas condenadas por delito ecolóxico", Antón Masa.
- Nº 42: "Tisú de Lourizán: pulso xudicial entre a forza e a razón", Antón Masa.
- Nº 43: "A papeleira de Ence: un caramelo para xustificar a permanencia en Lourizán", Carmen da Silva.
- Nº 44: "ENCE fóra da ría, manifestos da A.C. Maior Longo e da Escola de Forestais na Univ. De Vigo".
- Nº 48: "NORFOR: a peor xestión forestal con selo FSC", Benito Andrade. "Celulosas en Uruguai e Arxentina", Rafael Rey. Entrevista a Antón Masa de APDR.
- Nº 49: "Os lumes a debate: causas e solucións" (dossier).

Belen Rodriguez



A xornada de traballo, á que asistiron socios e socias de Adegga, tivo lugar no Pazo de Cultura de Pontevedra o 17 de xaneiro.

Varela comparou os datos recollidos no EPER con respecto á carga contaminante de Ence coa dos cidadáns. Así, en 2005 Ence xeraba 600 t de sólidos en suspensión, equivalente ao que produce unha cidade de 32.000 hab.; preto de 1.400 t de DBO (demanda biolóxica de osíxeno) e de 3.500 t de DQO (demanda química de osíxeno), similar a vertido por unha poboación de 60.000 hab.; 1.600 t de compostos haloxenados e outros, como un volume de mercurio similar ao que xerarían 57.000 habitantes. O biólogo aclarou que as cantidades citadas son as cedidas pola empresa á Administración, "esta última sen capacidade real para comprobar a súa veracidade".

Por outra banda, a localización da planta no Complexo de Lourizán, na Ría de Pontevedra, sempre foi rexeitada polo movemento ecoloxista, mesmo desde un punto de vista legal. A fábrica atópase en zona de Dominio Público Terrestre e moi próxima á poboación.

### A SOLUCIÓN MÁIS URXENTE: ENCE FÓRA DA RÍA

Polo de agora non se sabe cal vai ser a escolla: o peche definitivo de Ence en Galiza, a creación dunha nova planta de celulosas noutro lugar fóra da ría de Pontevedra (o que se lle chama o "traslado" de Ence) ou a creación dunha nova planta de celulosas xunto cunha fábrica de papel completando o ciclo productivo. Os tres expertos consultados coinciden na necesidade de que Ence marche da ría de Pontevedra, algo de sempre reclamado polo movemento ecoloxista, non

só pola carga contaminante da empresa, senón tamén pola inseguridade da poboación. "Contaminou a ría, afectou á pesca, danou á atmosfera, violou a normativa, freou o turismo, e destruíu postos de traballo... son suficientes razóns para dicir que NON a Ence", aseverou Varela.

Pero neste suposto quedaría unha cuestión pendente, a da recolocación dos traballadores, "que lle haberá que dar solución, pero sen que condicione, situando o volume de emprego afectado nos seu xusto lugar", segundo o catedrático de Economía Aplicada na USC, Xabier Vence, "o plantel de Ence é modesto, son 200 empregos directos, aínda que poidan ser algúns máis en actividades complementarias". Nese balance, ademais, cómpre incorporar os postos de traballo que permitiría crear a desaparición de ENCE da ría.

A maior preocupación social, ademais dos empregos, sería a dos propietarios das plantacións forestais de eucaliptos, destinadas a materia prima de celulosas. A parte do impacto contaminante esperábel dunha grande industria química, "a maior contribución de Ence en Galiza foi a mudanza da política forestal cara o monopolio do eucalipto, mesmo creando sobreoferta para conseguir baixar os prezos da materia prima", dixo o catedrático. Segundo este, o peche definitivo de Ence suporía, a curto prazo, unha posíbel diminución dos prezos do eucalipto xa existente, aínda que difícil de estimar xa que parte da materia prima se pode trasladar ás pasteiras de Ence na periferia de Galiza, como a



# CONDICIÓN IMPRESCINDÍBEIS PARA UNHA NOVA FÁBRICA DE CELULOSA EN GALIZA

Ramón Varela Díaz

## Como?

- ▶ Celulosa TCF, libre de cloro. Celulosa de pasta química kraft coa tecnoloxía máis moderna.
- ▶ Con depuradora de efluentes líquidos e tratamento primario, secundario e terciario. Sen vertido directo ou indirecto ás rías.
- ▶ Con monitoreo en continuo de parámetros contaminantes na atmosfera e na auga.
- ▶ Que ofrezca transparencia e acceso aos datos ambientais diarios dos cidadáns.
- ▶ Introducción progresiva, nun prazo de 8-10 anos, dunha nova materia prima: o bidueiro.
- ▶ Que acompañe un Plan de Reforestación en Galiza con especies de folla caduca e propias do país: o bidueiro .
- ▶ Planta con similar tamaño e produción da actual.
- ▶ Que peche o ciclo de produción cunha fábrica de papel.

## Onde?

- ▶ Fóra da Ría de Pontevedra e de todas as Rías. Son ecosistemas fráxiles e dedicados cada vez máis a cultivos.
- ▶ Fóra das zonas ZEPA (Zonas de Especial Protección das Aves), dos Lugares de Interese Comunitario (LIC), dos Parques (Nacional, Naturais...), das Reservas da Biosfera, das zonas protexidas como Humedais, Paisaxes protexidas, Espazos Naturais de Interese Local, Monumentos Naturais, ou de calquera lugar de interese natural.
- ▶ Fóra das zonas habitadas, como mínimo a unha distancia de 4-5 km.
- ▶ Fóra das zonas que poidan presentar no futuro próximo un interese turístico, paisaxístico, arqueolóxico...

de Navia, en Asturias, a cal xa está inmersa nun proceso de ampliación para case duplicar a súa produción. Desde este punto de vista a mudanza da política forestal de Galiza podería producirse pouco a pouco, "sen cambios drásticos e sempre a medio ou longo prazo", di Vence, considerando o peche da factoría imprescindible para a transformación desa política. A partir do cambio, os incentivos para plantar eucalipto irían mermando, os propietarios comezarían a introducir outras especies arbóreas nos seus terreos para outro tipo de finalidades desbotadas ata o momento

como, por exemplo, a industria do móbel, e sen renunciar tampouco por completo á árbore australiana. Nembargante, dixo Vence, "a urxencia é que Ence saia da ría de Pontevedra e, a partir de aí, calquera discusión leva parello menos dramatismo".

## O TRASLADO DE ENCE OU UNHA NOVA INDUSTRIA

Desde un punto de vista ambiental, hai que tomar dúas decisións non vinculadas, di Manuel Soto, unha sobre o peche da pastreira e outra sobre unha nova localización. Neste último caso, "o máis lóxico sería que o proxecto fora sometido a unha nova declaración de impacto ambiental e autorización". A este respecto, coincide con Xabier Vence, considerando que un novo proxecto haberá que tratalo, por parte da Administración, como unha industria química máis, sen favoritismos, e avaliando os seus riscos e consecuencias ou cuestións relevantes como a localización, o impacto medioambiental, o tipo de tecnoloxía, o tamaño, a xeración de emprego, a súa integración no proceso de produción de papel, ou o efecto sobre a cadea forestal.

Ramón Varela rexeita unha nova industria de celulosas porque, tal e como nos indica a experiencia, virá asociada a un Plan Forestal. En 1997, os montes galegos estaban repartidos entre coníferas nun 54%, eucaliptos

nun 41% e frondosas nun 4% ou 5%. Estes datos, á súa vez, están asociados ao incremento dos incendios forestais das últimas décadas. Isto unido á falta de ordenación do territorio e á incipiente creación de árbores transxénicas fortemente competitivas coas autóctonas, non faría aconsellábel a instauración dunha nova pastreira no país. Varela tamén acusou a Ence de arrasar coa meirande parte dos serradoiros espallados polo rural (de 1.500 a finais dos 70', quedan só uns 400). Así e todo, Varela estableceu unha listaxe de condicionantes, "imprescindíbeis" ao seu xuízo, aos que se debería de someter unha nova factoría de pasta de papel. (ver cadro axunto).

Pola súa banda, o economista non ve moi probábel que Ence-Elnosa aposte pola creación dunha nova planta pastreira en Galiza. O feito de que a empresa estea a importar madeira máis barata dos países suramericanos (como a procedente da Amazonía brasileira), a aumentar a súa expansión industrial en Uruguai (onde produce a menor custo, con tecnoloxía máis barata e sen demasiadas restricións ambientais), e as súas capacidades de produción nas fábricas de Asturias e do Norte de Portugal, fan dudar do seu suposto interese polo levantamento dunha nova factoría, coa súa correspondente autorización e procedemento administrativo.

Belén Rodríguez



Ramón Varela, ex presidente de Adegas, foi o encargado de presentar no Parlamento galego a ILP en Defensa do Monte Galego a finais dos 80.

Ese escenario permitiría reducir a presión sobre a política forestal e camiñar cara a un aproveitamento máis diversificado do monte galego.

### COMPLETAR O CICLO: A FÁBRICA DE PAPEL

A terceira opción barallada neste encontro foi a creación dunha planta de papel en Galiza que axude a completar o ciclo produtivo da pasteira. Neste caso, os condicionantes serían menos restritivos que os da celulosa, sobre todo tratándose de papel reciclado. En comparación coas factorías de pasta, as de papel consumen un 65% menos de enerxía, un 85% menos de auga e un 75% menos de demanda biolóxica de osíxeno, non ofrecen presión forestal (ao menos as de papel reciclado) e, potencialmente, crean máis postos de traballo. "Se non nos podemos librar da fábrica de celulosas nin da de papel, eu só aceptaría unha factoría de papel reciclado", comentou Ramón Varela, "pero hai que valorar se o noso medio ambiente é capaz de soportala". Esta alternativa sería compatíbel cun aproveitamento diversificado do monte e da madeira, xunto coa apertura de novas industrias adaptadas ao cambio de política forestal.

### A POSTURA DE ADEGA

ADEGA considera que a factoría debe abandonar a súa actual localización na enseada de Lourizán, mesmo

Ramón Pérez



denantes do remate da concesión no 2018, e facendo fronte aos custos de rexeneración e saneamento da ría; aínda que este obxectivo está agora máis lonxe tras a concesión outorgada pola Xunta en 2008 da Autorización Ambiental Integrada ao complexo de ENCE-ELNOSA por 3 anos máis.

Sobre o "traslado" e as posíbeis novas localizacións, ADEGA coida que se está obviando o debate sobre a necesidade ou non de contar cunha celulosa en Galiza. Así, habería que falar antes da construción dunha nova pasteira que do "traslado": realmente precisamos unha

industria tan suxa como esta no país? A ONU sinala ás celulosas como unha das industrias máis contaminantes do planeta. Neste senso, o mal chamado "traslado" desprazaría tamén os problemas de contaminación, vertidos e cheiros a outra localización.

Como aconteceu no seu momento con outros proxectos pasteiros en Galiza, ADEGA avaliará criticamente cada proposta tendo en conta os impactos sobre o medio, o patrimonio e o tecido produtivo. Mais sen esquecer a controversia deste tipo de industrias pola cantidade de recursos que consume, a elevada xeración de contaminantes, e a dependencia forestal que crea no territorio.

O colectivo ecoloxista convida ademais a reflexionar e facer autocrítica sobre as consecuencias do alto consumo de papel por parte da nosa sociedade. Por iso, unha das alternativas que propón é a promoción das industrias da reciclaxe de papel, inexistentes en Galiza, e a aposta polas especies autóctonas e a multifuncionalidade do monte. O actual mercado pasteiro, controlado por poucas transnacionais, en calquera momento pode "tirar" os prezos do eucalipto con importacións masivas de América do Sur. Rachar con este modelo e coa demanda que o sustenta son as claves dun debate que ADEGA quere trasladar á sociedade previo á discusión sobre posíbeis novas localizacións para ENCE.

## NOVIDADES XERAIS



### *Guía das plantas de Galicia* Xosé Ramón García

Obra monumental para o coñecemento da flora actual de Galicia. A partir dunha terminoloxía sinxela, permítenos a determinación polo miúdo das 1368 especies que os estudosos e afeccionados poden atopar nas saídas ao campo ou nos paseos polo seu contorno. Inclúe descrición de cada planta, nomes populares en galego e castelán, hábitats e época de floración, ademais de 1000 fotografías que ilustran o aspecto xeral da planta para a súa identificación.





# Gadisa está aí

Contribuíndo ao desenvolvemento de Galicia; xerando emprego e potenciando o crecemento económico do noroeste español. Colaborando co medioambiente, coa cultura, co deporte e os acontecementos da sociedade. Participando e promovendo activamente iniciativas positivas para a nosa sociedade. Garantindo a calidade e ofrecéndolles aos clientes cada vez máis e mellores puntos de venda. Traballando polo futuro.





# A VOLTA DOS NORMANDOS A QUILMAS

Lucía Ferreira e Xosé Manuel Casais\*

Lucía Ferreira



A biciazada é a ferramenta ideal para o traballo dos solos lixeiros, non dana a estrutura, é fácil de manexar, ergonómica e versátil. Aquí, cubrindo un rego de allos recién sementados.

Quilmas é unha pequena aldea do litoral galego, no concello de Carnota. Leva esculpida nas rochas e pedrullas que a conforman unha historia de correntes. Correntes do ar e da auga que trouxeron canda ela civilizacións de navegantes na procura dun referente ideolóxico e de observación que escondía o seu monte, o Monte Pindo –coñecido tamén coma O Olimpo Celta (bautizado por Otero Pedraio na súa primeira visita a Carnota)–, que foi un dos lugares máis importantes de observación e adoración aos astros na Galiza castrexa–; ou para achar acó, no porto natural, o refuxio ideal do embravecido mar do inverno que se agocha alén, tras o cabo Fisterra.

Moitos dos pobos que arribaron a Quilmas non viñan con ideas pacíficas. Os Normandos saquearon con frecuencia a aldea, namentres pasaban longas tempadas do verán no lugar reparando as embarcacións e recuperándose das bata-

llas. A xente, daquela, fuxía ao Monte, onde vixiaba dende as alturas aos invasores, percorrendo pequenas escaramuzas e incursións que rompían co ritmo festivo que buscaban acó os viquingos. O lugar onde se refuxiaban e desenvolvían as súas vidas nestes períodos era un antigo asentamento castrexo amurallado coñecido por todos coma a Casa da Raíña Lupa. Era a sé da resistencia.

Na actualidade, Quilmas, vese de novo acurrallada polo poder normando. Hai tres anos unha empresa dedicada á piscicultura, Stolt Sea Farm, e xa ubicada no lugar dende hai dúas décadas decide ampliar unilateralmente (ben, coa conivencia do Goberno da Xunta) a superficie que ocupan as piscinas onde producen peixe plano. De 25.000 m<sup>2</sup> pasaría a ocupar 320.000 m<sup>2</sup>, un terreo que se corresponde por tradición e cultura coa zona agrícola onde medran os vexetais coma coias, patacas, cenorias, cebolas e allos

que son o alimento das persoas e animais que viven na Costa das Cabras, coñecida por ese nome pola grande poboación de cabras montesas que alí moraban ata mediados do século pasado. A distribución tradicional do territorio permitiu a convivencia entre a agricultura e a reserva de zonas con vexetación autóctona durante séculos, sendo os poboadores de Quilmas coñecidos na rexión polo seu coñecemento e bo facer nas labores agrícolas.

A economía das casas sempre se complementou coa gran diversidade de peixes e mariscos que se agochaban no mar e baixo das rochas, pero as reservas parecen estar ao límite e a degradación do litoral é patente. Co paso dos anos os vertidos constantes e incontrolados das augas residuais procedentes da industria piscícola e a extracción ilimitada de peixes, crustáceos e algas, conseguiron debilitar ás poboacións creando desequilibrios de reversibilidade dubidosa.

Os incendios que arrasaron Galiza no 2005, que pasaron tamén polo Monte Pindo e A Agra de Quilmas, tornaron a estabilidade de ambos ecosistemas. O solo, marcado pola falta de vexetación, está a perder por causa da erosión a súa fertilidade, topándose nunha situación de extrema fragilidade, polo que xurde a idea da creación dun sistema para a conservación do medio, dándolle de novo uso ao solo, revalorizándoo.

## A COOPERATIVA RAÍNHA LUPA

En agosto de 2008, constitúese a Cooperativa de Agricultura Ecolóxica Raíña Lupa (S. Coop. Galega). Tras dela está a unión das veciñas e veciños de

Lucía Ferreira



Campo de trigo un mes despois da sementeira.





Parte da plantación de trigo, patacas, leguminosas e outros cultivos hortícolas de inverno. O Monte Pindo ao fondo.

Quilmas e das súas terras para unha xestión común do territorio de forma sostible, con toda a amplitude do significado, xa que preténdese, en gran medida, conservar toda a riqueza natural, cultural, fitoxenética e humana que posúe o lugar.

Os beneficios desta ideoloxía non tardan en aflorar. A visión global do espazo fai que o concepto de "agrosistema" se estenda. Acostumados ata o de agora a cultivar cadanseu anaco de terra, dende o intre no que a cooperativa se inicia, as leiras pasan a se traballar en conxunto (os bos terreos para patacas, pasan a ser os mellores de toda a agra). A preocupación pola xestión dun espazo ligado, relacionado entre si, unido, fai que a estrutura parcelaria minifundista, se funda. Os marcos, que conservan as propiedades, son traspasados. Isto supón unha grande revolución no concepto agrario galego, pois a cooperación no traballo e a unión das terras para un fin común rompe cos esquemas que impediron neste último

século un desenvolvemento pleno e autosuficiente da sociedade rural.

A reactivación das terras comeza cunha roza e triturado das matogueiras de silvas, xestas e toxos, para súa posterior descomposición en superficie e incorporación ao solo co arado. A profundidade do labor de incorporación limitouse a evitar a mestura dos horizontes. Topámonos cun solo extremadamente sensíbel á perda de estrutura, de nutrientes e auga, pola súa textura areosa e pouco grumosa polo que os labores realizados con maquinaria teñen que ser minimizados e moi controlados.

O prioritario dende este momento é realizar unha ocupación da maior parte da terra labrada con cultivos e con sebes útiles e variadas para reducir a erosión provocada polo vento e a auga.

### OS COMEZOS. O CULTIVO DE CEREAL

O trigo brando, de castes autóctonas coma o trigo "Calobre" ou "Grandal", de


alta calidade panadeira, ou o ecotipo de trigo do país, *Triticum aestivum subsp. vulgare* (*erythospermum* e *ferruginium*), foron escollidos coma cultivo principal de inverno así coma o centeo, *Secale cereale*, coñecido polas súas propiedades como domeador dos solos embravecidos polo tempo (as substancias fitocidas selectivas que emanan as súas raíces exercen un control posterior das herbas adventicias).

Estableceuse un sistema de rotación de cultivos que permitise un bo aproveitamento dos nutrientes do solo e a recuperación da fertilidade intercalando adubos verdes. Neste caso, recorreuse á avea (*Avea sativa*), que calma os terreos e recompón a súa estrutura, elevando os nutrientes que se puideran perder no fondo pola acción das súas profundas raíces. Arredor desta superficie as figueiras e béveras asócianse como sebes cortaventos das que se aproveitarán os seus froitos.

Estes cereais, xunto co millo, son outro complemento á dieta. As mulleres transforman a fariña en pan, follados de escanda (postre elaborado tradicionalmente con fariña de escanda –*Triticum turgidum subs. Dicocum*– que mantén o nome do cereal co que se facía, aínda que o cultivo foi substituído polo trigo hai xa 50 anos) e empanadas. Trátase de cultivos coñecidos, as datas para a sementeira e colleita, así como os labores culturais dende a terra á mesa, lévanse transmitindo séculos.


Quilmas está cheo de peculiaridades respecto ao seu contorno. O clima está definido por invernos suaves –os días nos que se presenta a xeadas cóntanse cos dedos dunha man– e veráns cálidos e secos. A brisa do mar e o monte, que reflicte o calor sobre a aldea no final do día, fan que xurda un panorama no que poden medrar ao longo do ano unha gran variedade de hortalizas, legumes, froitos, e flores ao ar libre. As colleitas son temperáns porque o carácter areoso do solo fai que se quente con rapidez coas primeiras raiolas de xaneiro, proporcionando as condicións ideais para o desenvolvemento óptimo das plantas. Patacas, cebolas, allos, cenorias, espárragos, alcahofas, fabas de ollo de perdiz e mariñeiras, millo branco e mouro, cabazas de todas formas e cores, chícharos e tirabeques, brócoli e outras flores comestíbeis medran gustosas, alimentadas coas algas da ribeira e ao son das ondas.

\* Ferreira e Xosé Manuel Casais son socios e labregos da Cooperativa Rainha Lupa.



### Turismo e Natureza

- ❖ Aula de natureza e Entidade para a Educación Ambiental
- ❖ Actividades de educación ambiental
- ❖ 60 prazos no ALBERGUE e 8 na CASA
- ❖ Servizo de restaurante para grupos
- ❖ Turismo cultural
- ❖ Rutas de sendeirismo
- ❖ Obradoiros
- ❖ Xogos ambientais
- ❖ Xogos tradicionais
- ❖ Horto ecolóxico
- ❖ Enerxías renovables
- ❖ Piscina
- ❖ Pista deportiva
- ❖ Servizos concertados de piragüismo, vela e cabalos



Breanca Dorroña s/n 15637 Vilarmaior A Coruña  
Tlf./fax 981.78.45.63 info@alvarella.com

www.alvarella.com

Achégate ó Parque Natural das Fragas do Eume

# A IMAXINACIÓN FRONTE O ATAQUE DOS LOBOS, OS BURROS COMO MÉTODO DE PREVENCIÓN

Reportaxe por Belén Rodríguez



Nunca antes acontecera algo así na Casa Grande de Xanceda, unha explotación de vacún de leite ecolóxico en Mesía. O verán pasado o lobo atacou e matou a 4 vacas adultas e malferiu a outra, ademais de provocar varios abortos como efecto colateral. "Durante moito tempo convivimos cos lobos, témolos visto paseándose entre as vacas e nunca pasou nada, esta foi unha grande sorpresa", comenta Guillermo Martínez Ruíz, xerente e director da explotación. Ao ser gando non estabulado, que pasa a meirande parte do tempo pastando ao aire libre, é de supoñer que se trata dunha presa fácil para o lobo, pero a dificultade do ataque depende moito do tamaño e da idade das vacas. "O parte de incidencia indicaba que posibelmente foran entre 4 e 6 lobos e sorprende moito que atacaran ao gando adulto, normalmente as súas vítimas son crías ou becerras novas", explica Cristina Fernández-Armesto, socia e responsable de marketing e comunicación. "Os lobos tiveron moito desgaste, non foi proteína fácil, as vacas foron abatidas por esgotamento", engade Guillermo. Este feito multiplica o custo das perdas, máxime tendo en conta que se trata de gando seleccionado ao longo de 40 anos e alimentado de xeito ecolóxico. A morte dunha vaca adulta supón, non só a perda do animal, senón tamén do leite que deixa de producir. A morte dunha vaca de

seis anos significa a perda de 4 lactacións, o equivalente a uns 14.000 euros, aproximadamente.

Fronte eses custos, as axudas e indemnizacións outorgadas pola Xunta por ataques de lobo non chegan nin a cubrir o 10% das perdas. "A Consellaría de Medio Ambiente valora en 666 euros unha vaca de 6 anos, e para nós, ese é o valor dun animal de 5 meses", di Guillermo.

## CRÍTICA ÁS AXUDAS OFICIAIS

As indemnizacións da Xunta non teñen en conta o valor engadido das granxas ecolóxicas, nin a diferenza entre explotacións intensivas ou extensivas, nin a calidade xenética do animal atacado, nin os efectos colaterais, e están destinadas maioritariamente ao gando ovino e cabrún ou ao vacún de carne, segundo os responsábeis da Casa Grande de Xanceda. Por iso, eles prefiren apostar polas medidas de prevención. Pero neste eido tamén atopan carencias. Aseguran que as axudas son insignificantes, xa que para a adquisición dun can mastín xoven só conceden 150 euros, cando o valor dun destes cans de pura raza rolda os 700 euros, sen ter en conta os custos de mantemento.

Por outra parte, ás axudas para valado de fincas non compensan nas grandes extensións de terreo. "A Xunta só sub-

venciona 400 metros de valado, superficie que non acolle máis de 30 vacas; entón, que fago eu cos outros 370 animais?". Alén da adquisición de cans mastíns, o levantamento de mallas electrificadas, pastores eléctricos ou postes de madeira, as axudas de prevención non contemplan outras solucións alternativas. E ademais a súa convocatoria péchase no mes de setembro, precisamente cando proliferan os ataques.

## A IMAXINACIÓN COMO SOLUCIÓN

A pesares desta análise crítica das axudas e indemnizacións existentes en Galiza por ataques de lobo, a Casa Grande de Xanceda non se rendeu e puxo todos os seus esforzos en atopar medidas alternativas para protexer ao seu gando ecolóxico. Para isto, os seus socios botaron man da imaxinación.

En primeiro lugar, atoparon un xeito alternativo de afacerse con cans mastíns, sen recorrer ás axudas da Administración. Coa colaboración dunha adestradora de cans local buscaron exemplares de mastíns nos refuxios de animais e canceiras de toda Galiza, co gallo de adestrálos posteriormente como gardiáns do gando. Así adquiriron a "logur" e a "Fresa", dous cans mastíns.



De esquerda a dereita: Pepe Salvadores de ADEGA, Cristina Fernández-Armesto e Guillermo Martínez.



Nun segundo paso optaron por colocar un elemento disuasorio e tintineante nas cabezas de gando, as tradicionais chocas ou cencerros, desbotadas como método de prevención nas axudas oficiais.

E a última achega novidosa e rechamante, cando menos, foi a introdución de dúas burras entre as vacas para protexelas dos lobos. O método é innovador en Galiza, pero non noutros lugares do mundo. En Namibia, os burros utilízanse para protexer o gando dos felinos e nos Alpes suízos tamén son habituais entre o gando vacún. Cristina Fernández - Armesto descubriu este método nunha viaxe a África: "Estiven traballando un verán en Namibia cunha ONG e alí vin como usaban os burros para protexer o gando dos guepardos e leopardos. Dixéronme que tiñan que ser burras novas e relativamente grandes". Este método preventivo tamén se atopa reflectido no libro "El Lobo" (Omega, 2004) de Jean-Marc Landry, porén non é unha práctica habitual nas zonas lobeiras.

A eficacia do sistema baséase no instinto protector dos burros. Ao ser criados co gando vacún adquiren a necesidade de defendelo ante calquera ataque externo. "A diferenza das vacas, os burros non escapan ante a presenza do lobo, enfróntanse a el, dan couces e, sobre todo, alertan do perigo a través do seu estridente son", di Cristina, "ademais conseguimos conferirlle unha nova utilidade a unha especie hoxe ameazada e pouco valorada". "Xanceda" e "Junior", nomes que reciben as dúas burras introducidas nesta explotación ecolóxica, foron mercadas a granxas locais e a un baixo custo.

É unha medida de prevención económica e sinxela que xa captou a atención doutras Comunidades Autónomas do Estado afectadas polo ataque do lobo como Navarra ou Castela León.

Polo de agora, a explotación ecolóxica de Xanceda non volveu ser atacada polo lobo, pero aínda é cedo, para aseverar que se deba á introdución das burras entre o gando. "As cifras obxectivas dinnos que o método funciona, pero cremos que se debe á combinación de todas as medidas preventivas introducidas: as burras, os cans mastíns, as chocas e o valado", apunta Cristina. De corroborarse esta hipótese, as consecuencias serían moi positivas e, quizais, o maior beneficiario, o lobo. Que non quede por intentalo! Felicitacións á Casa Grande de Xanceda!

## Un referente na produción ecolóxica



A Casa Grande de Xanceda, sita no concello de Mesía, con 180 hectáreas de terreo e 400 cabezas de gando, é unha das explotacións máis importantes en produción de leite ecolóxica de Galiza, convertida nos últimos anos en referente e exemplo de superación no mundo da agroecoloxía. No ano 2004 obtivo o certificado do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica (CRAEGA), dous anos despois de que os seus propietarios decidiran buscar un valor engadido a través da reconversión, unha tarefa doada de acadar tras 40 anos de aposta polo pastoreo, a produción en forraxe e o non emprego de pesticidas ou herbicidas. "Xa era unha explotación practicamente ecolóxica antes de serlle outorgado o selo", comenta o xerente, Guillermo Martínez. En 1985 a Casa Grande de Xanceda era a explotación con máis cota leiteira a título individual de Galiza e desde 1999 ata 2003 aumentouna considerablemente ata chegar ao millón cen mil litros de cota actual.

Hoxe en día segue buscando o valor engadido dos seus produtos coa posta en marcha dunha fábrica de iogures ecolóxicos á que se pretende dirixir a terceira parte da produción leiteira; o resto estase a comercializar dentro e fóra do país a través da sociedade galega Lactalis e coa marca Président. "A diferenza doutros iogures ecolóxicos", explica Cristina Fernández-Armesto, "os nosos levan só o leite das nosas vacas e fermentos lácteos, non teñen leite en po, nin espesantes, nin conservantes, nin estabilizantes...". Pero buscar continuamente o factor diferencial con respecto a outros leites e iogures ecolóxicos para ser competitivos no mercado biolóxico non chega. Ademais de terse que encarar ás dificultades comúns a outras explotacións ecolóxicas con respecto á agricultura convencional como as limitacións do terreo (precisan 1 Ha de terro por 2 cabezas de gando) ou a baixa rendibilidade da terra (mentres en convencional unha vaca pode producir 60 ou 70 litros ao día; en ecolóxico produce uns 23 litros diarios), a Casa Grande de Xanceda enfróntase agora a un novo reto: evitar os ataques do lobo ao seu gando utilizando a imaxinación.



Fotos: Pepe Salvadores



## CRÓNICA DUNHA EXPERIENCIA VERDE

# REDUCIR O CONSUMO DE AUGA E ENERXÍA É POSÍBEL

M<sup>a</sup> Xosé Castro, Isabel Fernández e Ramsés Pérez

*Durante o 2008, 50 domicilios de Santiago de Compostela participaron no programa de educación ambiental Fogares verdes. Este programa de acompañamento que dá continuidade aos proxectos de compostaxe caseira vén demostrar que cunhas doses de reflexión, outro pouco de vontade e algúns cambios de hábitos pódese aforrar auga e enerxía no día a día, no noso fogar. A experiencia desenvolveuse tamén nos concellos de Porriño e Ames.*



Fogares Verdes xa pasou por 50 vivendas do concello de Santiago.

### PROGRAMAS DE ACOMPAÑAMENTO DOMICILIARIO

Hai case dez anos editábase a Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA), un texto que recollía a situación da educación ambiental (EA) naquel momento e formulaba unha serie de propostas para avanzar nunha EA de calidade e achegada ás problemáticas socioambientais do país.

Daquela, a EA tiña escaso financiamento, había moi poucos programas con continuidade, os destinatarios eran fundamentalmente escolares e os centros de interese da acción educativa centrábanse no medio natural e, reducidas veces, se abordaban os problemas ambientais

asociados ao medio urbano. Outro aspecto a destacar era a orientación cara a sensibilización no detrimento de iniciativas encamiñadas ao cambio de comportamentos.

Adega asumiu como súa a EGEA, participando nela activamente, e incorporou nos seus programas recomendacións xerais, así como aquelas dirixidas ao ámbito das asociacións. Alén de apostar pola educación ambiental como área estratéxica do colectivo, comezou a promover experiencias educativas dirixidas a tratar problemas do eido galego que acompañasen campañas de denuncia e fixesen fincapé nas eivas arriba amosadas. Así comezou o programa de compostaxe

doméstica, proxecto que pretendía divulgar as bondades dunha práctica tradicional, un programa que xa chegou a preto de 2000 familias e que ten hoxe continuidade no programa Fogares Ver-

des. Son iniciativas veñen que demostran a súa capacidade divulgativa e proactiva de "aprender facendo", de cambiar hábitos para unha vida máis sustentábel.

### FOGARES VERDES, MÁIS TRABALLO CON FOGARES

Adega botou a andar o programa "Fogares Verdes" en Galiza, co apoio do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e coa colaboración da Concellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sustentábel do Concello de Santiago de Compostela. A iniciativa non está illada, toma parte dunha rede de carácter estatal promovida polo CENEAM chamada "Hogares Verdes". A día de hoxe son preto de 2.500 os fogares inmersos neste proceso de aprendizaxe cara ao respecto polo medio ambiente e a aposta polo bo uso dos limitados recursos naturais.

A meirande parte dos participantes, arredor do 80%, xa coñecían o labor educativo de ADEGA pois participaron en programas anteriores de compostaxe caseira. Intencionadamente déuselles prioridade á hora da inscrición coa motivación de reforzar unha rede xa existente de fogares e persoas comprometidas co coidado do ambiente.

### FOGARES VERDES VOLVE CHAMAR Á PORTA

A comezos da primavera de 2008 tivo lugar a toma de contactos cos fogares e en abril realizáronse as primeiras visitas aos domicilios. Nos nove meses de programa tratáronse temas como a auga na cociña e no baño, o consumo pantasma, a iluminación, a rega, a calefacción e auga quente sanitaria ou o lixo. Un acompañamento que se materializaría con dúas visitas máis porta a porta e cun encontro final xa no mes de decembro.

Na primeira visita explicáronse os pormenores das facturas de auga e electricidade e entregóuselle aos participan-







Adega entrega a todos os participantes un "quit de aforro".

tes un "quit de aforro" composto por: unha bolsa de tea, unha lámpada de baixo consumo, un perlizador para a billa, un redutor de caudal para a ducha, o caderno de "Fogares Verdes", a guía práctica de aforro enerxético do INEGA e dúas tarxetas desconto dun par de ferreterías da cidade.

En cada unha das visitas tratouse de achegar algunha novidade ou información de reforzo. Coa axuda dun multímetro comprobouse a existencia de consumo pantasma nos aparellos eléctricos, deuse a coñecer as lámpadas tipo LED, falouuse das posibilidades do aproveitamento da auga da chuvia, entregouse unha bolsa de amidón de millo 100% biodegradábel ou presentouse a posibilidade de instalar no fogar o caldeiro da auga para recoller toda a auga empregada no fogar susceptible de ser reutilizada. Como agasallo, entregouse unha

plantiña de alfábega coa idea de que fose regada coa auga sobrante do fogar.

Asemade, invitóuselles a unha visita organizada polo Concello de Santiago á potabilizadora de Chaián (ETAP) e a participar no I Encontro Solar celebrado na Praza da Quintana, organizado por Adega.

### A REDE DE FOGARES AMPLÍASE: FOGARES QUIOTO

Ademais de Compostela, xurdiron outros concellos interesados en levar a cabo esta experiencia educativa entre os seus cidadáns. Deste xeito, camiñamos cara a consecución dun dos obxectivos perseguidos: crear unha "Rede de Fogares Verdes" en Galiza. Así, o Porriño sumouse a este programa no pasado outubro con vintecinco familias participantes; e no concello de Ames, o programa "Fogares Quioto" desenvolveuse entre outubro e decembro.

Os retos perseguidos por "Fogares Quioto" son similares a "Fogares Verdes", xa que ambos os dous pretenden ser unha resposta cidadá fronte ao cambio climático. A diferenza máis destacábel é que "Fogares Quioto" non fai visitas "porta a porta", senón que as educadoras de Adega informan e aconsellan sobre o aforro e as boas prácticas para co consumo de enerxía e auga no fogar en charlas-obradoiro. Ao longo destas xuntanzas os participantes vanse coñecendo, e eles mesmos aportan as súas propias experiencias, o que serve de motivación e exemplo para o resto de fogares.

Finalmente, fixéronse tres obradoiros e un encontro final de recapitulación e resolución de dúbidas xurdidas ao longo do programa, axudados dun divertido xogo de roles.

### RESULTADOS


*Fogares Verdes* acadou os seguintes cambios: instaláronse 291 lámpadas de baixo consumo, apagáronse 131 aparellos que permanecían en "stand by", mercáronse 36 regretas con botón de interrupción tamén para loitar contra o consumo pantasma, adquiríronse 16 electrodomésticos con categoría enerxética alta, instaláronse 115 perlizadores nas billas e 67 redutores de caudal nas duchas, modificáronse 32 cisternas de baño para que gastasen menos auga e 22 fogares comezaron a empregar o caldeiro da auga.

Ademais, os fogares responsabilizáronse de tomar conta dos seus consumos de auga e electricidade, cubrindo unha táboa coas facturacións bimensuais correspondentes. Como obxectivo de partida tiñamos unha redución colectiva do consumo de auga dun 6%-10 % e unha merma das emisións de CO<sub>2</sub> derivadas dos kWh consumidos de electricidade nun 5,2 % (obxectivo compartido cos fundamentos do Protocolo de Quioto).

Comparando os consumos de 2007 cos do mesmo período en 2008, conseguíuse o aforro de 438 m<sup>3</sup> de auga e 6029 kWh de electricidade. Obtense, por tanto, unha redución do consumo dun 14,6% en auga e dun 6,4% en electricidade (ver cadro adxunto).

#### CONSUMOS REXISTRADOS EN 2007 E 2008 E AFORRO ACADADO EN 50 FOGARES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	2007	2008	Aforro	
AUGA	3005 m <sup>3</sup>	2567 m <sup>3</sup>	438 m <sup>3</sup>	14,6%
ELECTRICIDADE	94262 kWh	88233 kWh	6029 kWh	6,4%



## CARNICERIA ECOLÓXICA

### Ecogaliza

*Praza de Abastos nave 7  
Loc. 222-223-224 SANTIAGO  
654 609 611*

**Tenreira- Porco  
Polo - Porco Celta  
Hamburguesas Vexetais  
TOFU SEITAN LÁCTEOS EMBUTIDOS**

# BIODIVERSIDADE II: AFECCIONADOS Á NATUREZA

Ramsés Pérez

*A crecente sensibilización da cidadanía pola cuestión ambiental ten levado a moitas persoas a interesarse polo medio natural e a participar en accións encamiñadas á súa defensa e estudo. As persoas afeccionadas á natureza poden ter unha importante tarefa, alén do goce e satisfacción persoal, especialmente se esa paixón se dirixe cara a proxectos serios, estábeis e onde os resultados fagan visíbel a súa colaboración. A simbiose entre especialistas e neófitos, como as que se dan na natureza, poden ser dar resultados beneficiosos para todos, especialmente para o ambiente. As novas tecnoloxías axudan nesta tarefa e posibilitan aínda máis esta colaboración.*



Calquera persoa pode enviar datos sobre orquídeas para facer un mapa da súa distribución en Galiza (Orquídea).

### CIDADÁNS E MEDIO AMBIENTE: EXPERTOS E AFECCIONADOS, AMANTES DA NATUREZA

Habitualmente a palabra "experto" ou "entendido" adoita empregarse como antónimo de "afeccionado" ou "amateur", conceptos contrarios que mesmo parece se traducen en conflitos na vida cotiá. Porén, o que é seguro é que tanto uns coma outros son amantes da natureza e lles apaixona o medio ambiente nas súas múltiples dimensións e polo tanto poderá haber, e veremos que as hai, posibilidades de cooperación.

Coñecer e gozar da natureza non ten por que ser incompatible co seu estudo e defensa. De feito, recentemente no seminario da UICN sobre *Instrumentos sociais para a conservación de especies*, celebrado no CEIDA, e falando da relación entre participación cidadá e conservación, Ricardo de Castro apuntaba que "é crucial fomentar a creación de espazos que fagan posíbel a participación cidadá, o contacto directo co problema e tamén a súa aplicación real nas solucións.

Afirmacións que van na liña da Declaración sobre a Biodiversidade do "British Trust for Conservation Volunteers", na que se expresa que a conservación da biodiversidade biolóxica é unha causa perdida se só está restrinxida a expertos e entusiastas.

Estudos recentes indicánnos que cada vez máis cidadáns están interesados polo coidado do medio, pero non teñen claro cales son aquelas accións ou actividades que poden redundar nunha mellora ambiental real. É moi probábel, polo tanto, que o desexo de participar e colaborar en tarefas pro-ambientais vaia en aumento, e dea lugar, como xa está sucedendo, a conflitos entre amantes da natureza e expertos, entre ocio e conservación. Alén das medidas que se deberían tomar desde a Administración e outras entidades para contribuír a compatibilizar goce e conservación, gustaríanos propoñer algunhas liñas de converxencia e iniciativas que poden ir nese camiño.

Na actualidade numerosas entidades administracións, colectivos ecoloxistas etc., desenvolven iniciativas nas que grupos de persoas poden participar, xornadas de anelamento, limpeza de ríos, campos de voluntariado ambiental, etc.

### SERIES DE DATOS

Unha eiva que moitas veces temos escoitado da voz de especialistas, son os escasos recursos que se dedican ao estudo do medio, motivo polo que moitas veces o traballo de campo non é todo o extenso que debería, nin son investigados en toda a súa dimensión as especies e os espazos. A realización de estudos e campañas sen posibilidade de continuidade pode levar a que non se recollan series de datos que permitan deducir como evolúen poboacións e que medidas ou accións tomar. Aquí é onde ten cabida a colaboración dos amantes da natu-

reza afeccionados cos amantes da natureza profesionais.

Entendemos que os beneficios desta simbiose, entre afeccionados e expertos é mutua, como as de todas as simbioses. Por unha banda, os especialistas teñen unha información á que non poden acceder, xa que non sempre se está facendo traballo de campo; e os "amateurs" miran como a súa afección e tempo libre poder servir para un ben común como é o estudo da biodiversidade natureza.

Outra dimensión non menos interesante é a formativa, especialmente no referido ao aspecto procedimental e comportamental. Moitos afeccionados comezan facéndose con sinxelas guías, logo pasan a claves máis complexas ou á busca por internet, e finalmente acaban recorrendo a expertos cando dubidan ou se atopan con especies dificilmente identificábeis. Este contacto pode derivar en colaboración e, á súa vez, nunha



Os afeccionados/as á natureza poden enviar as súas achegas sobre viaxes ou da súa vida cotiá a diferentes páxinas web.



mellora na recollida e sistematización dos datos. Igualmente, moitas das persoas que comezan a introducirse nestes campos non coñecen os límites ou as consecuencias de determinadas accións, como poden ser a molestia, manipulacións de animais ou o pisoteo de plantas, musgos, etc. O progresivo coñecemento

do campo estudado suxire a execución dunhas pautas de comportamento "ecolóxicas" descoñecidas nun comezo.

Chegados a este punto, podemos falar de "aficionados avanzados", porque o que comezou sendo un *hobby* pode converterse nun traballo ou nunha paixón que leve a persoas non profesio-

nais a traballar en colaboración con especialistas. Exemplo disto poden ser algunhas colaboracións entre científicos e afeccionados das Universidades andaluzas, nas que estes últimos chegaron a identificar especies de plantas non citadas aínda na Península Ibérica.

### INICIATIVAS PARA VOLUNTARIOS/AS E AFECCIONADOS/AS

**Orquídeas** .-. Carlos Cortizo e Elvira Sahuquillo propoñen na Guía das Orquídeas de Galiza, de Baía Edicións, unha ficha participativa para identificar a súa distribución en Galiza. Os datos e as fotos se poden enviar a un correo electrónico ou por correo ordinario ao enderezo que aparece na guía. As citas enviadas logo de ser confirmadas incorporaranse ao mapa de distribución onde tamén figura a listaxe de colaboradores que se poderá ver na web: [www.plantasvasculares/botanica-terrestre/orquideas.com](http://www.plantasvasculares/botanica-terrestre/orquideas.com)

**Calendario fenolóxico** .-. Proxecto Ríos convida anualmente a participar no Informe sobre a Fenoloxía aplicada aos cursos fluviais. A iniciativa parte de que os ciclos dos seres vivos son valiosos indicadores do clima, servindo para valorar a repercusión que a mudanza climática está a ter sobre as especies. Cubrindo unha sinxela ficha preténdese elaborar un mapa sobre a situación das árbores de ribeira. Esta actividade, que ten continuidade ao longo dos anos, mostrará unha "instantánea" da situación das especies seleccionadas ao longo do país, analizando o estado de floración no se atopan diferentes árbores e plantas.

+ info: [www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org)

**Mamíferos mariños** .-. A Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños CEMMA, realiza importantes investigacións sobre poboacións de cetáceos e tartarugas mariñas, traballo que desenvolven conxuntamente profesionais e voluntariado ambiental. O voluntariado da CEMMA pode participar en actividades formativas, pero tamén pode votar unha man, dando aviso ao 112 de varamentos ou avistamentos de mamíferos mariños.

+ info: [www.arrakis.es/~cemma](http://www.arrakis.es/~cemma)

**Anfibios e réptiles** .-. Os anfibios está sufrindo unha seria regresión en toda o planeta. Un dos problemas para detectar o declive das especies e poboacións é posuír series históricas de datos que permitan detectar cambios de distribución e/ou abundancia. A Asociación Herpetolóxica Española desenvolve o programa SARE (Seguimento dos Anfibios e Réptiles de España) coa finalidade de contar con series temporais que poidan detectar tendencias poboacionais a longo prazo.

+ info: [www.herpetologica.org](http://www.herpetologica.org)

### BIODIVERSIDADE, ECOLOXÍA COTIÁN E NOVAS TECNOLOXÍAS

Na actualidade, un lugar de converxencia de expertos e "amateurs" é internet. As novas tecnoloxías permiten o envío de datos e fotografías directamente a estudosos e participar en foros onde afeccionados recorren a expertos para identificar especies de difícil categorización.

A posibilidade de enviar fotografías e a creación de páxinas nas que "colgalas" permite aos expertos localizar especies e cubrir amplos territorios e aos afeccionados a colaborar na elaboración de mapas das especies. A participación de especialistas nestas páxinas avala moitos dos datos e/ou imaxes que puideran ser confusas.

O control da fauna ou da flora, da meteoroloxía, das estrelas, etc., son algún dos ámbitos nos que os afeccionados á natureza poden axudar localizando especies, indicando o lugar e o momento da floración, a situación de tobos, de atropelos, etc.

### INICIATIVAS

No cadro adxunto expoñemos algunhas iniciativas nas que podemos colaborar no día a día para a conservación da biodiversidade. Existen proxectos semellantes para as aves ("Sacre" ou "Noctua" da SEO -Sociedade Española de Ornitoloxía-), ou de bolboretas diúrnas en Catalunya ou en Portugal.



### OS PRODUTOS ECOLOXICOS SON FÁCILES DE CONSEGUIR

"LABREGOS DAIQUI" lévachos a casa

Colabora c@s labreg@s da tua terra

[www.daiqui.com](http://www.daiqui.com)

[daiquiourense@hotmail.com](mailto:daiquiourense@hotmail.com)

Cháma-nos!

988 302 171

637 583 082

637 583 083

# A XOANIÑA

(CONTOS DO TIO-VIVO)

Pepe Salvadores

Pepe Salvadores



Na nosa cultura, a postura con respecto ao reino animal está sustentada en que só aqueles animais dos que consideramos que lles podemos sacar algún proveito gozan da simpatía necesaria para saír indemnes ao topar con nós. O aproveitamento que podemos tirar deles pode ser alimentario, económico, para o deleite dos nosos sentidos ou, o que é moi importante, que teña algún valor feiteceiro.

Con esta actitude son moi escasos os insectos que gozan do cariño do noso pobo. Sendo xenerosos podemos contar, pouco máis que cos dedos das mans, os pequenos seres que son aceptados, tolerados e valorados pola nosa xente. Un deses bichiños queridos é a xoaniña.

A xoaniña é dos insectos máis populares. Sería ocioso describila xa que é ben coñecida por todos e todas. A semiesfera que forma o seu corpo de escasos 8 milímetros está decorado cun vermello vivo salpicado de puntos negros como negras son a diminuta cabeza e as pequenas patas. Estas cores fan unha combinación perfecta, moi atractiva e inconfundíbel.

O que non é tan sabido é que os científicos lle chaman "Coccinella septempunctata", e que, ademais da

recoñecida xoaniña, hai outras moitas da mesma familia coas que seguramente nos temos atopado algunha vez. Tampouco sabe a maioría que a xoaniña é parente dos indesexábeis escaravellos, cos que ten moitas semellanzas; ou que sofre metamorfose, polo que nalgún momento é un puro e simple verme. Tampouco e coñecida a súa potencia de reprodución que resulta ser grandiosa, non pola enerxía que simula nun divertido anuncio de coches onde dúas xoaniñas avalan o vehículo no seu xogo amoroso, senón pola súa capacidade reprodutora. Unha soa femia pode chegar a producir centos de miles de crías.

Outra descoñecida característica deste insecto é que os adultos, pero principalmente as larvas, gustan de alimentarse con esfameada saña dos molestos pollos, ou piollos, eses parasitos que mortifican as plantas cultivadas. Por certo que, esta ansia carnívora pode utilizarse na loita biolóxica contra varias pragas, podendo substituír aos venenosos insecticidas sempre agresivos e perigosos. Pero esta práctica ten aínda moitas dificultades para a súa aplicación, comezando porque hai que recoñecer os vermes, as larvas da xoaniña, e non eliminálos.

Así pois, as razóns polas que se aprecia tanto a este insecto non as teño nada claras. Por ser un insecto inofensivo ou por ter un deseño atractivo non é suficiente, xa que moitos outros cumpren estes requisitos. Por ser útil para a agricultura tampouco, pois na actualidade non é suficientemente recoñecido este uso e hai incluso quen pensa que as xoaniñas son as que atraen os pollos. Por que entón se lle quere tanto? Quizais a resposta nola dean as cántigas que se lle dedicaban cando, postas na man, agardabamos que voaran.

Unha delas, posibelmente a máis estendida, era aquela que dicía:

Rei, rei,  
centos anos viverei,  
25, non o sei  
1,2,3,4...

Nesta cantiga a xoaniña é adiviña. Noutra da Pontenova, que recitaba Soco, parece ter moi boa relación co deus do Universo, dicíalle:

Reichín, reichín  
Vaille dicir  
O teu padrín  
Que mañá veña solín

Na que me contaba Pepa de Roblido, no sur de Ourense, onde á xoaniña lle din "bouxíño", tamén tiña relación co Altísimo, e dinlle:

Bouxíño de dios  
abre as alas  
e vaite con dios

Ou nestoutra, xa coñecida e que me lembrou Laura, unha alumna de Silleda de quince anos que aprendera da súa avoa, e dicía:

Xoaniña  
voa, voa  
que che hei dar  
pan de boroa


Laura, cando mo contaba xa me advertía moi convencida: "e é verdade que voa".

Eu podía terlle dito algunha cousa pero calei para non derramar a maxia que acompaña á xoaniña que, non me aclara moito, pero parécese ben fermosa.

Pepe Salvadores



*Adalia bipunctata*, en Lourenzá (A Mariña).





# A ÁRNICA

M<sup>a</sup> Xosé Castro e Gema Pérez

Ramsés Pérez



Compostela e a Cooperativa de produción ecolóxica Milhulloa.

A propiedade curativa da árnica é principalmente a de aumentar a circulación sanguínea de maneira local, de aí o seu uso en golpes, dores musculares, torceduras, etc. Posúe tamén unha importante acción desinfectante, cicatrizante e antiinflamatoria, polo que é moi empregada ao xeito de tintura en feridas, así como no tratamento da artrite reumatoide mediante fregas. No recadro atoparás unha receita para elaborar un remedio natural con árnica e aproveitar os seus beneficiosos efectos.

As partes utilizadas son as flores desecadas e tamén as raíces. As flores recóllense cedo, cando comezan a abrir. Deste xeito evítase que poidan estar atacadas pola mosca da árnica (*Tripeta arnicivora*), que parasita as flores antes de que abran constituíndose na súa principal praga. Unha vez recollidas débense manipular o menos posíbel e poñelas a secar nun lugar cuberto, limpo e ventilado. As raíces extráense a comezos de outono, cando xa a planta comeza a murchar.

Aínda que polo de agora só se fixo mención aos beneficios da árnica, non se pode deixar de facer un chamamento á precaución do lector. Por vía interna, só se debe tomar baixo a supervisión dun médico, xa que unha dose excesiva pode ser moi tóxica. Por vía externa, o perigo é menor, pero tamén en demasía pode causar efectos adversos na pel. Un aproveitamento hábil das súas posibilidades pode facer desta planta fonte de saúde e bálsamo das nosas dores.

Gardan as montañas galegas un tesouro en forma de estrela de mil puntas. A árnica, como a xesta ou o toxo, participa no ton dourado da paisaxe primaveral galega. En forma de pequenas pinceladas amarelas explosiona en floración aspirando a ser un humilde reflexo da vía láctea. Máis aló de fermosa compañeira nos nosos paseos por montes, brañas e turbeiras, a árnica oferta grandes beneficios a quen coñece este ben de propiedades terapéuticas extraordinarias.

O seu nome propio provén do termo grego *Ptarmikos* que fai referencia á súa facultade para facer tusir. En galego tamén é coñecida como "herba da papeira" ou "herba cheirenta". En Portugal tamén lle chaman "tabaco dos pobres" ou "tabaco de montaña", debido a que os atrevidos homes que moraban nos altos cumios fumaban as follas secas para tratar a bronquite e a tose, a pesares de que moitas veces lles ocasionaba, pola contra, incómodas irritacións.

Aos nosos ollos, a árnica é unha planta herbácea cun talo ergueito que parte do centro dunha especie de coroa formada polas follas da base. Ao longo do talo aparecen follas dispostas por parellas, e nos extremos as flores, que asemellan grandes margaridas amarelas. Oculta baixo terra un rizoma horizontal que permite a reprodución da planta, complementando o labor das sementes.

O feito de que prefira climas temperados e húmidos, así como chans acedos en alturas superiores aos 800 m, fai das montañas galegas un lugar favorábel para o seu crecemento.

En tempos, a demanda que exercía a industria farmacéutica levou a que as poboacións silvestres sufriran unha sobreexplotación. Arrincáronse por centos os quilos de árnica que, de seguido, eran exportados para a elaboración de produtos cosméticos e terapéuticos. Unha situación que viviron de forma semellante outros países do continente, o que levou á Unión Europea a tentar establecer medidas de control no seu comercio xa desde o ano 1996. A día de hoxe esta demanda aínda segue presente, por isto estase a traballar nas posibilidades do seu cultivo comercial en Galiza, algo non doado polos requirimentos da árnica. A tal efecto colaboran a Universidade de Santiago de

## Remedio con tintura de árnica

Verter medio litro de alcohol de 70° sobre un puñado (50g aproximadamente) de flores de árnica recién collidas. Pechar o preparado hermeticamente nun recipiente de vidro e deixalo repousar arredor de quince días exposto ao sol. Logo filtralo, e xa temos lista a tintura.

Para aplicar sobre contusións e golpes, preparar unha mestura de medio litro de auga fresca cunha culleradiña de tintura de árnica. Empapar nesta mestura unha compresa e aplicar con frecuencia sobre a zona magoada.



# ADEGA + TI

## SÚMATE Á DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA

**ADEGA,**  
a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza,  
pretende a conservación  
e rexeneración do medio  
e o desenvolvemento sustentábel.  
Para conseguilo denuncia os ataques a que se ve sometido,  
aconsella sobre as actuacións máis adecuadas,  
ensina como é Galiza, a súa natureza e a súa xente,  
amosa que outra vida máis respectuosa co ambiente pode ser vivida



Nome e Apelidos: \_\_\_\_\_

NIF: \_\_\_\_\_ Data de Nacemento: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_ CP: \_\_\_\_\_

Provincia: \_\_\_\_\_ Profesión: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Modalidade de inscrición (inclúe a subscripción gratuita á revista Cerna):

- Normal 48 euros/ano
- Xuvenil ou paratifa 24 euros/ano
- Superior 78 euros/ano

Suscripción:

- Revista Cerna (trimestral) 10 euros/ano
- ADEGA CADERNOS 4 euros/ano (desconto do 50% soci@s)

Domiciliación: Titular da Conta: \_\_\_\_\_

Banco ou Caixa: \_\_\_\_\_

Sucursal: \_\_\_\_\_

Conta Número: \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_

Prego que ata nosa sede fagan efectivos á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, con cargo a miña conta,  
os recibos que ao meu nome lles presente a devandita asociación

Data: \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / \_\_\_\_ Sinatura: \_\_\_\_\_

Enviar esta solicitude a:  
ADEGA - Travesa dos Basquiños, 9 Baixo • 15704 Santiago de Compostela



# "TODOS OS CANS DEBEN SER IDENTIFICADOS CON MICROCHIP"

Por Isabel Kerdudo

*Xosé Luis Riveiro traballou en Euskadi como Xefe de Urgencias nun Hospital Veterinario antes de se encargar dun proxecto de I+D para pór en marcha un número 112 na Comunidade de Madrid. Na actualidade é propietario da empresa de servizos veterinarios Servet e responde ás chamadas ao 092 da Policía Local do Concello de Santiago de Compostela para atender os animais soltos ou feridos na vía pública.*



Xosé Luis Riveiro.

## - En que consiste o traballo de Servet?

A sociedade Servet asinou un convenio co Concello de Santiago de Compostela para achegar asistencia veterinaria aos animais abandonados ou vítimas de atropelos e trasladalos até o Refuxio de Animais de Bando. Dispoño dunha ambulancia e dunha UVI dotada dun quirófano, un equipo de radiografía dixital, un ecógrafo en 3D... Quedou desfasada a idea do laceiro, un home que andaba cun lazo para coller os cans pola forza e trasladalos á canceira. As palabras que empregamos son importantes. O laceiro desapareceu para deixar no seu lugar a un veterinario e a canceira converteuse nun refuxio.

## - Que porcentaxe de cans están identificados por microchip?

No Concello de Santiago aproximadamente o 3% dos cans están identificados tal como o obriga a Lei de Protección Animal desde o 2 de xullo de 2003, (Decreto 90/2002). É unha cifra moi baixa e non mellorará se non se toman medidas de control para os animais cando pasean pola vía pública,

polos parques, nos coutos de caza como se practica nalgúns Comunidades. A experiencia mostra que estes controis inciden de forma relevante na diminución de abandonos. O microchip ou "transponder" é unha cápsula portadora dun dispositivo electrónico que pode ser lido por un lector específico. Os veterinarios, a

Policía Local, os membros de Protección Civil, os Axentes Forestais e as Protectoras deberían estar dotados destes lectores. Os datos dos propietarios están rexistrados no REGIAC (Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía), entidade xestionada polo Colexio de Veterinarios e garanten localizar o responsábel dun can para poder recollelo. O seu custo é de tan só uns 35 e evita moita perda de tempo e preocupación para todas as persoas implicadas.

## - Algunha recomendación para os responsábeis de cans?

Que identifiquen os seus animais de compañía canto antes e que lles coloquen no seu collar unha medalla co seu número de teléfono. Lembren tamén que está prohibido deixar os cans soltos pola vía pública, tanto pola súa seguridade como pola dos automobilistas, xa que poden provocar un accidente.

## CANS EN ADOPCIÓN SETY Adoptaron a Lavi!



SEVY é un macho cruce de Setter de dous anos. Ingresou no Refuxio coa súa nai e máis dúas irmáns o 30 de decembro de 2006, onde permanece despois de que toda a súa familia, agás el, fose adoptada. Ten un carácter excelente, é un can moi cariñoso e rebuldeiro. O seu pelo medio é branco cunhas manchas rubias que lle dan un toque moi particular. Está vacinado, desparasitado, esterilizado e leva microchip. Para realizar os trámites debes dirixirte ao Refuxio de animais de Bando, en Santiago de Compostela, de luns a domingo entre ás 10:30h. e ás 13:30h.

- ▶ Teléfonos : 981 575 957 / 646 492 835
- ▶ E-mail: [asociacionabeiro@gmail.com](mailto:asociacionabeiro@gmail.com)
- ▶ Web: [refuxio@refuxio.org](http://refuxio@refuxio.org)

XOSÉ ANXEL CARRERA: CHE

## Um histórico de ADEGA

Adela Figueroa

*"De Curra para Che com toda a minha amizade"*



Meu amigo, cá estamos, ainda no mundo que partilhamos, enquanto tu entras na doce esfera das lembranças.

Hoje entrou o outono, molhado de chuva fresca: Está de sul...

Poda que este seja o meu derradeiro banho no mar, por este ano. O mar trai-me escumas e recendo a ti. Nas voltas das ondas agócha-se a tua ausência, ocupando o vazio que a cresta deixa antes de romper em crinas de água e sal-seiro.

H<sub>2</sub>O; ClNa; ClK; I; Mg: Água, Cloruro, Iodo, Magnésio... Sei, lá meu!... No fim, apenas moléculas que se desprendem das coisas num constante tecer e destecer, construindo árvores, ervas, coisas ou gente. Moléculas como as que o teu corpo deitou para o ar deixá-lo semeado com a tua essência:

Partículas materiais, junto a outras feitas de sonhos, anseios, tristuras ou esperanças neste Plano Infinito, do Universo.

Cá, sentada por cima das areias das dunas de Barranham contemplo o mundo à minha volta:

Olho, escuto, sinto, com a vá esperança de apanhar a tua essência presa nas moléculas do ar, no recendo das areias ou nas cores do oceano, lá onde a mar encontra o céu.

Mas tu já nom estás: Disgregacheste. Repartiches-te polo Cosmo, e em todas e cada uma das pessoas que passaram pela tua vida. Ou, foste tu quem passou pela vida dos demais?

Depois de anos de conhecérmonos, que sabemos os uns dos outros?

Quem fomos nós? Quem eras tu? Quem fos-te? Quais eram os afectos que prendiam na cerna dura do teu ser? Que

penas fendiam o teu espírito, ou que alegrias iluminavam a tua alma?

Sabemos apenas do teu desfrute na companhia dos amigos e amigas. Conhecemos a profundidade do teu sentimento da paisagem e da tua habilidade para partilhar conosco a beleza e a harmonia do mundo. Vimos-te nadar, remar, correr, comer ou rir, expressando a tua satisfação com uma expresom contida de desfrute. Alguma gargalhada saía de cachom diante de algum ridículo.

Aceitas-te o compromisso com o teu tempo e com o teu país com a naturalidade do SER e do ESTAR num AQUÍ e AGORA.



Fazendo parte da tua lembrança ficam rios, montanhas, a Guadalupe de Rianxo ou o Souto de Sober. Fica também a luta partilhada por fazer uma Galiza melhor: as primeiras batalhas de ADEGA contra a celulosa, a marcha de Xove para defender Galiza do perigo das nucleares, a marcha a Madrid de Nunca Mais ou a tua imagem vestido com o macaco branco de limpar a merda do Prestige. E tantos 25 de Julho em Compostela!

Ao mesmo tempo a tua Pontevedra e o MAR, com maiúsculas, formam sempre o telóm de fundo para a representação

da tua melhor interpretação: Tu mesmo no teatro da vida. Agochando aos olhos do mundo a cerna mais autentica do teu ser, construís-te a personagem quase perfeita. Aquele que conseguia fazer mas formoso o mundo que se ia conformando na tua contorna.

Estou a sorrir, neste momento, ao lembrar alguma ocasiom em que o teu "EU" ceivou-se dos nós em que tu, caute-losamente, o tinhas agochado. O meu sorriso está pintado de ternura ao comprovar que, malia os melhores fios tecidos na mas fechada urdime, o nosso SER, teimoso, agroma às vezes, quando menos o esperamos sem que demos por isso. E tu nom foste, nisso, uma excepçom.

Toda a gente deixa a sua pegada no seu passar pelo mundo. Tu também. Alguém que te quer bem, disse-me, nestes dias, que tu passaras "pontilhas" pela vida e que assim tinha sido o teu passamento para o espaço das lembranças. Poda que isso seja verdadeiro, pelo que respeita ao impacto ambiental. O teu prazer por viver e apreixar os dons da vida nom fazia dano: Levaste uma vida "sustentável".

Porem, deixas-te uma funda pegada em toda a gente que acompanhou a tua interpretação vital.

O que já nom saberemos é qual foi a pegada que cada um de nos deixou no teu espírito.

Tu ficarás nas águas dos rios, nas areias das praias, na espuma do mar, nas plantas do teu terraço ou nas folhas dos carvalhos da Galiza: O teu País através do que jogaches à tua aliança com a Terra:

Tolerante. Compreensivo.

Compracente. Vital:

Gostamos muito de ti.

Gostarias tu de nos?

Iso já nom o saberemos.





# CONCURSO FOTOGRAFÍCO

# “AGRESIÓNS ÁS AUGAS CONTINENTAIS GALEGAS”

PRAZO DE ENTREGA: 12 DE XUÑO

## CESIÓN DE DEREITOS DE USO:

D./Dª.....  
con D.N.I. nº..... e teléfono....., participante no Concurso  
fotográfico “Agresións ás augas continentais galegas”, organizado pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA),  
pola presente CEDO o uso das fotografías que presento neste concurso a ADEGA, de xeito indefinido, facultandoa para que as utilice  
en calquera actividade ou actuación relacionada cos fins desta Asociación. En caso de utilización nalgunha publicación impresa ou  
exposición, ADEGA deberá indicar a autoría da fotografía en lugar claramente visible e inmediato a mesma.

..... de ..... de 20.....

Sinatura

## BASES DO CONCURSO

### 1º. Tema / obxecto das fotografías

- Desastres en augas continentais de Galicia (ríos, lagoas,...).
- Efectos de actividades humanas que degraden a calidade destas augas e/ou que afecten directamente ao contorno dos ríos e masas de auga doce.

### 2º. Ámbito territorial

As fotografías presentadas deberán estar tomadas nalgún punto da xeografía de Galicia.

### 3º. Participantes

Poderá participar no concurso calquera persoa, afeccionada á fotografía ou que desexe denunciar por medio fotográfico calquera afección negativa ao medio acuático natural.

### 4º. Obras e forma de presentación

Cada participante poderá presentar un máximo de catro fotografías, en branco e negro e/ou en cor, desexablemente en formato non inferior 18 x 24 cm. (por razóns de exposición posterior).  
Polo reverso de cada fotografía identificarase o seu autor -con nome, apelidos e teléfono de contacto-, así como a data e lugar en que foi tomada. A estes efectos, indícase o nome do río/Lagoa afectada, así como o do lugar máis próximo e parroquia e concello ao que corresponde. Asímismo, prégame a identificación das coordenadas xeográficas U.T.M. (poden ser obtidas mediante consulta do “Sistema de Información Xeográfica de parcelas agrícolas” –SIXPAC-, accesible na páxina web da Xunta de Galiza –<http://www.xunta.es/visor/>). As fotografías remitiranse por correo á Delegación de ADEGA-Lugo na dirección antedita, de luns a venres en horario de 10:00 a 14:00 e 17:00 a 20:00. Dentro do sobre introducirase tamén o compromiso de cesión ao que se refire a base 10ª.

### 5º. Data límite de presentación

As fotografías poderanse presentar ata o día 12 de xuño de 2009, inclusive.

### 6º. Xurado

O xurado estará composto por:

- 1 representante da Consellería de Medio Ambiente.
- 1 representante da Federación Galega de Pescadores.
- 2 fotógrafos de recoñecido prestixio.
- 2 membros de ADEGA.
- 1 representante do deporte náutico galego.

### 7º. Valoración

Valoraranse especialmente as fotografías que expresen dun xeito máis nido ou crú agresións ao medio acuático natural de Galicia.

### 8º. Fallo

O concurso resolverase dentro dun prazo de trinta días naturais contados dende a data límite de presentación.  
Organizarase un acto de entrega de premios e divulgación xeral do concurso, cuxa data e lugar será debidamente comunicada aos premiados e sociedade en xeral (entroutros medios a través da páxina web de ADEGA, <http://www.adega.info>).

### 9º. Premios

Entregaranse cinco premios, a elixir polos premiados seguindo a orde do posto acadado, consistentes en:

- artigos fotográficos (cámara dixital e outros).
- estancia para 2 persoas 2 días no balneario de Lugo (tratamento completo).
- lote de artigos deportivos.
- produtos ecolóxicos (lacteos,...).
- lote de publicacións medio ambiente.

### 10º. Uso das fotografías

Para poder concursar, os participantes deberán ceder o uso das fotografías presentadas a ADEGA, que poderá utilizalas, citando ao seu autor, en calquera actividade relacionada cos seus fins (educación ambiental, denuncia administrativa, etc.). A tal efecto, cubrirán o modelo que se acompaña a estas bases.  
O material fotográfico presentado ao concurso será exposto en diferentes lugares da xeografía galega.

#### Organiza:



#### Colaboran:





# Novas en [www.adega.info](http://www.adega.info)

ÚLTIMA HORA: ADEGA ACTÚA (Abril-Maio 2009)

**Adega alega** contra solicitude de **Reganosa** de aumentar ao dobre a súa capacidade de regasificación (30/04/09) e reclama un Estudo de Impacto Ambiental do proxecto...

**Adega rexeita** o **Plano Eólico Mariño** aprobado polo Ministerio de Medio ambiente, Rural e Mariño, o cal abre a veda a este tipo de instalacións no litoral galego (21/04/09)...

**Adega anuncia** que o carballo anano (*Quercus lusitanica*) do Monte Pindo (Carnota) xa é oficialmente unha especie protexida, incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas con categoría de "vulnerable" (29/04/09)...



**Adega conmemora** o **Día da Terra** con diversos actos en defensa da costa galega fronte a proxectos urbanísticos destrutores, na praia de Silgar (Sanxenxo) xunto coa FEG, e en Ribadeo, na Mariña luguesa (26/04/09)...



Inaki Abella - Faro de Vigo

**Adega celebra** que o Tribunal Supremo ratifique a sentenza do TSXG na que se considera ilegal a localización dos depósitos de hidrocarburos de Finsa-Foresa na Ría de Arousa (30/04/09) e apoia ás reivindicacións da PDRA.



**Adega denuncia** a destrución de parte do **Camiño Primitivo de Santiago** e unha tala de árbores autóctonas na parroquia de San Xoán de Alto (Lugo, 20/04/09)...e vertidos recorrentes no río **Madalena**, procedentes da depuradora municipal de Vilalba (04/05/09)...

*Suave. Cremoso. Nutritivo.*

**Queixo Arzúa-Ulloa**

*O tradicional queixo galego*

FEADER  
Europa invierte no Rural



Certificado pola  
Denominación de Orixe

[www.arzuu-ulloa.org](http://www.arzuu-ulloa.org)  
com@arzuu-ulloa.org  
Tfno: +34 981 30 76 53

KUNTA DE OULICHA  
TOSKALUJANININ UNINIO POLIN